



CEG
ENSINO

nº3 - setembro 2020

XORNAL DO ENSINO GALEGO

ESPECIAL COVID-19

Un repaso ao confinamento no ensino

XE. Xornal do Ensino Galego

Número 3 - Setembro de 2020

Edita: CIG-Ensino
Santiago de Compostela

Coordinación: Executiva Federal,
Comunicación CIG-Ensino

Deseño, maqueta e impresión:
Sacauntos Cooperativa Gráfica
www.sacauntos.com

Fotografía de capa:
Alberte Peiteável

Fondo fotográfico:
Alberte Peiteável
Arquivo da CIG Ensino

Depósito Legal: C 1566-2019
ISSN: 2695-2874

Tiraxe: 8.000 exemplares

Peche de edición:
21 de agosto de 2020

SUMARIO

03 — Editorial

- 04 — Responsabilidade e firmeza fronte á deriva da Xunta
- 06 — Contidos en aberto fronte ao abandono da Consellaría
- 10 — Ti vai facendo
- 14 — Retrato da teledocencia confinada
- 18 — Cronoloxía da resistencia fronte á xestión da pandemia
- 26 — As oposicións en campaña
- 30 — Da educación confinada ao peche en falso do curso
- 34 — Cara a un novo curso, tan duro coma inseguro
- 38 — E pur si mouve!
- 42 — Ás portas do novo curso

OPINIÓN

- 09 — O galego confinado nas aulas
Ana Moreiras
- 13 — A teledocencia “experimental” que xa existía: a FP a distancia
Arturo Iglesias
- 28 — COVID-19 e educación: alegado polas escolas unitarias?
Francisco Xosé Candia Durán
- 29 — Escola para a vida
Eva Alonso Varela
- 26 — Un tempo novo despois da Covid-19
Carlos Rodríguez Calvente

HUMOR GRÁFICO

- 8, 41 — Andrade

Este é un número monográfico sobre a xestión da crise sanitaria e educativa orixinada coa Covid-19 e a resistencia fronte aos ataques e á desprotección do ensino público galego.



OPERADORES

a custo cero

recentemente reelecto presidente da Xunta, Núñez Feijóo, buscando tempo entre as diferentes manobras de distracción e evasión de responsabilidades por arriba (gobierno español), abaixo (concellos e FE-GAMP) e directamente no soto (cidadanía en xeral, profesorado en particular), cualificounos como “operadores educativos” e pediu directamente “altura de miras” e “un baño de realidade” ao conxunto da comunidade educativa e ao profesorado en particular.

A linguaxe xoga un papel fundamental na transmisión da ideoloxía e como instrumento do poder. Cando o presidente da Xunta estigmatiza o profesorado como “operadores”, nun masculino plural que no seu mapa mental é inclusivo a máis non poder, está a séguir a pauta que o neoliberalismo trazou hai xa décadas para o mundo educativo (coa OCDE como mestra de cerimonia e leis educativas como a LOMCE como mostra de perfecta vasalaxe): control curricular férreo, verticalidade e sometemento do profesorado, escola sen autonomía... O noso papel neste deseño é o da mera transmisión das ordes recibidas. O papel da transmisión do discurso do poder é, neste sentido, unha necesidade para que ninguén descoñeza a mensaxe. Medios públicos controlados, privados altamente subvencionados e algúns cargos intermedios (inspección, dirección) que asumen ferrosamente ese papel que lles asignan.

Dentro dos “operadores” o presidente Feijóo inclúe as ANPAs que non están dispostas a cargar no seu lombo a temeridade e a irresponsabilidade do protocolo ao respecto duns servizos que prestan (madrugadores, comedores) e que deberían ser xestionados pola administración autónómica ou local.


Sermos “operadores”, asumir o noso papel relegado e secundario, é o desexo de quen non quere a mínima contestación e se ve alterado polo exercicio de dignidade e de responsabilidade de quen nos levantamos da Mesa Sectorial ante a negativa a abrir unha verdadeira negociación

sobre o protocolo e non quixemos sermos cómplices dun documento temerario e mostra de mal goberno. E, sobre todo, pola resposta multitudinaria do profesorado nas concentracións do mes de xullo contra o protocolo.

Mais Feijóo non nos quere só como “operadores”. Quérenos a custo cero. Por iso vende contratacións xa previstas no programa ARCO como de reforzo especial pola Covid-19 e por iso “acomoda a pandemia á doutrina do custo cero” en vez de reducir ratios e ampliar cadros de persoal, profesorado e non docente. Dá a sensación de que o baño de realidade do que fala Feijóo fose o do peche das urnas do 12 de xullo: isto é o que hai, poder absolutista catro anos máis.

Señor presidente, temos altura de miras. Vemos máis alá da forza das urnas, que respectamos, como tamén vostede debería respectar as urnas sindicais. Vemos a vontade dun profesorado, dunha sociedade en xeral, de actuar con dignidade para facerse respectar e para que, na pandemia actual, a saúde, a de todas e todos, sexa o primeiro e a educación presencial se faga co investimento preciso para ser segura. Somos profesorado, non “operadores” e o noso custo é un ensino público galego digno, seguro e de calidade ●

a Xunta estigmatiza o profesorado e persoal non docente como “operadores” nunha pauta neoliberal



Suso Bermello

Secretario nacional da CIG Ensino



RESPONSABILIDADE e FIRMEZA

fronte á deriva da Xunta

A estas alturas é probábel que xa non lembremos os días, as semanas previas, á suspensión da actividade lectiva nas nosas aulas, xa que os acontecementos da pandemia e o confinamento ocuparon, como é lóxico, as nosas preocupacións e tendemos a borrar da memoria o que pode resultar secundario. Máis alá da confusión e os erros que os diferentes gobernos e institucións cometeron naquelas datas, o certo é que ademais da extensión descontrolada do virus tamén se expandía outro proceso viral que adoita estenderse coa mesma facilidade: o alarmismo e o uso de noticias falsas. Unha chea de prexuízos e desinformacións que tamén precisaron inicialmente unha resposta por parte de quen considerabamos que, por riba de todo, debe primar a seriedade, o rigor e a lealdade para afrontar unha crise sanitaria.

O certo é que custa moito traballo, tendo o goberno que temos, coa escasa ou nula confianza que produce, facer chamamentos públicos a tomar en consideración todas as indicacións que se dean desde as institucións como única garantía de podermos actuar sen evitar caer no alarmismo que xa se estaba a estender. Mais non quedaba outra. Iso foi o que desde a CIG-Ensino fixemos desde o minuto un. Primeiro apelamos a non caer na conversión de espazos informativos en reality-shows, reclamando dos medios galegos, escritos ou audiovisuais, que fuxisen do tremendismo e do espectáculo que xa se estendía nos medios estatais, especialmente na televisión. Despois indicamos que se debía prestixiar o papel institucional, cunha correcta información das administracións sanitaria e educativa, con total transparencia e correcta xestións das indicacións que como comunidade educativa debiamos adoptar. →





← Na véspera da declaración da pandemia pola OMS e xa con todos os indicadores sinalando a gravidade da crise, a CIG-Ensino urxiu á Xunta a presentar un protocolo para afrontar a situación nos centros educativos. Malia non contar con ningún tipo de interlocución coa administración educativa aforramos calquera crítica e ofrecemos todo o apoio que fose preciso, mais esixindo ao tempo que cesasen os primeiros síntomas de descoordinación e que se optase pola cooperación e non pola unilateralidade.

UNILATERALIDADE E O DESPREZO DA CONSELLARÍA

A resposta da Consellaría foi o desprezo de quen usa as institucións como unha finca privada. No mesmo día que a Xunta declaraba a emerxencia sanitaria e anunciaba dun día para outro o peche dos centros educativos, a Consellaría facía públicas unhas instrucións, sen previa negociación, nas que obrigaba a incorporación xeneralizada de todo o profesorado malia non existir actividade lectiva neles.

Desde a CIG-Ensino amosamos inmediatamente a nosa total contrariedade e o malestar tanto pola medida en si como pola ausencia de negociación nunha medida de tal entidade. Denunciamos, por riba de todo, a situación que terían que atravesar o persoal docente con fillos e fillas a cargo e coas escolas pechadas así como aquel profesorado que tivese familiares dependentes convivindo. Lembremos que a decisión da Consellaría limitábase nestes casos a que se reducise nun 50% a asistencia aos centros. Anunciamos todo tipo de accións legais mais tamén instamos ao profesorado a rebelarse contra esas instrucións, propoñendo resolucións claustrais de urxencia e animando a non acudir ao posto de traballo se iso poñía en risco a tutela das nosas fillas e fillos ou a nosa saúde e pedindo a colaboración das equipas directivas dos centros, ofrecendo o apoio incondicional do sindicato en caso de represalias da Consellaría.

DA MAN TENDIDA Á RESPONSA CONTUNDENTE

A resposta da CIG-Ensino á actuación da Consellaría foi pasar da responsabilidade institucional que se debe ter en situacións límites á firmeza na denuncia e na resposta. Un goberno pode equivocarse, como se pode equivocar un sindicato ou calquera organización e as primeiras horas dunha emerxencia como a vivida eran un campo aboado para cometer erros. Mais a Consellaría tomou a decisión á man, limitando os nosos dereitos como traballadores e traballadoras e dando unha serie de indicacións sobre a impartición de contidos curriculares nunhas condicións que sabía de antemán que non podían cumprirse e caendo nas primeiras contradicións e discriminación do alumnado.

Propuxemos ás outras organizacións da Mesa Sectorial desprazarnos a San Caetano e pechamos até conseguir unha clara rectificación das instrucións da Consellaría. Ao tempo, chegábonos ao correo as primeiras resolucións claustrais e a indignación do profesorado era total, demostrando un carácter combativo e unha forte responsabilidade social. A resposta da Xunta foi, malia rexeitar de novo a posíbel negociación, un novo documento no que, dun xeito vergoñento, descargaban a responsabilidade nas direccións dos centros. É obvio que o novo documento, froito das denuncias, da rápida resposta sindical e das queixas xeneralizadas do profesorado, sendo unha clara rectificación, foi insuficiente.

UNHA ADMINISTRACIÓN Á DERIVA

Con poucas horas de diferenza chega unha nova rectificación da Xunta, agora coa sinatura da Consellaría de Presidencia. Como alguén que anda desorientado e dando paus, que sabe que ten unha resposta social en fronte e non quere aparentar que dá un xiro de 180° nas súas decisións, dá un tratamento á presenza nos centros como se dunha folga se tratase, fixando de facto uns servizos mínimos cun integrante da dirección nos centros de máis de 6 unidades. A cadea na toma de decisións contraditorias e sen sentido común suma un novo elo, incorrendo ademais nunha incongruencia absoluta co decreto de alarma imposto polo novo “mandado único” estatal.

A decisión da Xunta implicaba que, por quendas, até un máximo dunhas 3.000 docentes tivesen que acudir aos centros de traballo aínda que nestes non houbera ningún cometido que facer. Malia a suspensión dos prazos e trámites para resolución de recursos e con todas as limitacións que o estado de alarma implicou para unha resposta sindical, quer no ámbito xudicial quer na contestación social, a CIG-Ensino promoveu un recurso contra esta nova decisión da Consellaría e proporcionou un informe fundamentado xuridicamente para que as direccións puidesen alegar e non se ter que trasladar aos centros innecesariamente. Estabamos na antesala do “TI VAI FACENDO” ●

*30.000 docentes
acudirían aos centros
aínda que non houbera
nada que facer.*



CONTIDOS EN ABERTO

fronte ao abandono da
administración

*a Xunta non se
preocupa de que
existan contidos
on-line na nosa lingua*

Ante a situación na que nos somerxeu a pandemia, desde a CIG-Ensino, coherentes coas nosas liñas prioritarias de formación en canto á atención á nosa lingua e á actualización didáctica, puxemos en aberto unha serie de cursos a distancia sobre TIC realizados con anterioridade. Moveunos nesta iniciativa a intención de prestar apoio a un profesorado que se veu na obriga, da noite para a mañá, de dominar unha serie de ferramentas que o confinamento fixo indispensábeis. Por outra banda, non tivo menor peso na nosa iniciativa a evidencia da escaseza de materiais didácticos en lingua galega na rede.

Os contidos, accesíbeis aínda agora na nosa páxina web no apartado de Recursos de Formación, céntranse no uso de ferramentas que permiten levar a cabo materiais educativos telemáticos, audiovisuais, dixitais e interactivos. Para a selección tivemos en conta aqueles contidos que puidesen ser máis útiles sen perder de vista que o alumnado e as súas familias podían non dispoñer de todas as ferramentas axeitadas para seguir unha actividade académica a distancia, e que se dirixisen a distintas etapas educativas. Neste sentido, presentamos contidos como o de aula ou aprendizaxe invertida (flipped classroom), a creación de animacións visuais ou de vídeos educativos, o uso de software libre, o deseño de actividades para Moodle, a elaboración de aplicacións móbiles, o uso de redes sociais educativas, a elaboración de materiais didácticos interactivos, o coñecemento aberto e colaborativo, a atención dos riscos dos menores na rede, o deseño de páxinas web e os distintos modelos para a presentación de traballos, as ferramentas para educar na nube ou o uso de ferramentas TIC





para traballar a igualdade. Estes contidos, que se foron presentando nos últimos anos ao profesorado galego, foron escollidos por sermos sabedoras de que se fan imprescindíbeis para a actualización didáctica e tamén de que neste tipo de formación a distancia é a lingua castelá a que predomina.

No especial contexto que estamos vivindo, púxo-se unha vez máis en evidencia a actitude de desleixo e mala fe da Consellaría de Educación. Así, puidemos comprobar como a posta a disposición de material educativo en galego dependeu da voluntariedade do profesorado e non da acción da Administración educativa. Tal como vén denunciando a CIG-Ensino, a Xunta non se preocupa de que existan contidos formativos on line na nosa lingua e nin sequera de que o material que elabora o profesorado durante as licenzas por estudos estea nestes momentos dispoñíbel na súa maior parte. Tivo que ser o profesorado quen buscou solución para tratar de dar continuidade á actividade académica nas casas, nunhas casas desbordadas polo teletraballo e o coidado das crianzas ou illadas pola fenda dixital. Neste contexto, a Consellaría ou a CRTVG esqueceron a súa obriga, como servizos públicos, de proporcionar contidos educativos na nosa lingua que lle cheguen a toda a poboación galega. É ben sabido que a práctica totalidade de fogares galegos posúen unha televisión, non así acceso a internet. A fenda dixital, que ata este momento foi unha realidade presentada, fíxose palpábel durante o confinamento, como o profesorado puido comprobar. Compárese, pola contra, o proceder do Ministerio de Educación e Formación Profesional ou o Departamento de Ensenyament catalán, desde onde se puxeron en aberto, tanto a través de páxinas web como de canles públicas de televisión, contidos curriculares que lles permitisen

ás familias e alumnado continuar con certa actividade académica durante o confinamento. Así pois, se temos en conta a situación de partida de total desvantaxe da nosa lingua á hora de empregar os novos recursos que a pandemia ditou dada a escaseza dos mesmos, advertimos como a Administración educativa, no canto de tratar de freala, acentuou aínda máis esa distancia.

Desde a CIG-Ensino somos conscientes de que a prioridade nestes momentos é controlar a emerxencia sanitaria na que nos atopamos; con todo, queremos denunciar que nesta situación de confinamento da poboación fíxose aínda máis evidente a actitude irresponsábel da Xunta de Galiza ao respecto do noso idioma. De feito, na guía que a Consellaría de Educación publicou para facilitar o teletraballo do profesorado, dos once espazos que se mencionan para a consulta de recursos educativos xa elaborados, só un depende do departamento galego, que é o repositorio de contidos espazoAbalar. O resto ou ben dependen do Ministerio ou doutras organizacións internacionais. Isto demostra que non se conta con recursos no noso idioma e os poucos que hai non se difunden. Porén, si dispón de material en lingua castelá e sen ningún tipo de rubor deixou que se impartisen integramente en castelán cursos a distancia, como o centrado na actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes. Non é admisíbel que se obre deste xeito mentres os recursos existentes elaborados en lingua galega polo profesorado durante as licenzas por formación permanecen nun caixón. Tamén nos parece de ineludíbel atención a aposta pola creación de contidos audiovisuais e interactivos na nosa lingua que poden ser un recurso formativo complementario para o alumnado e as familias, e non só



Ferramentas para educar na nube

★ 19 Mar 2020


Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.



Elaboración de materias didácticas interactivas

★ 19 Mar 2020

Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.



Emprego de redes sociais no ensino aprendizaxe

★ 19 Mar 2020

Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.



Feminis-TIC. Ferramentas TIC para traballar a igualdade

★ 19 Mar 2020

Accede para saber máis dos



Deseño e creación de páxinas web HTML5. Modelos para a presentación de traballos



Menores en rede

★ 19 Mar 2020

Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.



nesta situación extraordinaria, senón que poden contribuír á normalización da nosa lingua, tan necesaria como en retroceso.

A volta atrás no proceso de normalización lingüística vese impulsada con outras decisións tomadas a mantenta pola Consellaría. Estamos a falar da anulación da convocatoria de axudas, xa de seu cativas e insuficientes, para proxectos de fomento do uso do galego, que desde a CIG-Ensino denunciámos no seu día. A desculpa neste caso foi que a pandemia impediría a execución deses pro-

xectos, dando por sentado que a falla de interese ou de creatividade do profesorado e do alumnado non permitirían reorientar a realización de tales proxectos. Ademais, obviouse que moitos gastos xa estaban realizados á altura do confinamento. Ante a grave situación de emerxencia sanitaria, a Consellaría non perde ocasión de darlle un novo golpe á nosa lingua; aproveita o incendio para queimar o que considera lixo.

Como era de esperar, ante as situacións adversas, demóstrase quen é quen. Estamos diante dunha Consellaría de Educación que abandonou o profesorado, carente en boa medida da formación que lle permitise facerlle fronte a un súbito novo modelo de docencia, e que aproveitou para apuntalar a desatención á lingua galega, fiel á liña que vén mantendo desde xa hai máis de 10 anos. Fronte a iso, estamos diante dun profesorado que, ben individual ben colectivamente, se esforzou e salvou como puido o papel que lle tocou desempeñar, creando e divulgando materiais e adaptándose á nova situación a custo do seu tempo e dos seus medios. Desde a CIG-Ensino contamos con que a nosa achega de materiais sobre TIC en galego servise de axuda nesta difícil tarefa, así como a nosa atención e denuncia constantes en relación ás necesidades do profesorado e á normalización lingüística ●

estamos diante dunha Consellaría de Educación que abandonou o profesorado

HUMOR GRÁFICO: ANDRADE





Reflexións ilustradas de Ana Moreiras
Profesora de Tecnoloxía nun IES

● GALEGO CONFINADO NAS AULAS

A anulación da convocatoria de esmolos para fomento do uso de galego foi unha patadiña máis á lingua por parte da nosa Consellería: mentres iniciativas de estilo privado como os Contratos Programa reducían a contía á metade, os proxectos de dinamización foron aniquilados coa excusa de que non ían ser realizados.

Por se había dúbidas de que o ataque fose casual, publicouse unha guía de teletraballo no que de 12 espazos didácticos suxeridos, só un estaba en galego: Abalar. Ese portal que fomenta materiais coa estética das Arcade do bar Moncho. Na era de Youtube e os drons, imaxínade o que opina a rapazada...

O paradoxo da COVID foi que o alumnado, logo de tres meses sen aulas, parece que fala mellor galego. Algúns, ata volveron colocar ben os pronomes. Non debéra estrañarnos: a situación lingüística das escolas é espello da Galicia retratada pola CRTVG. Unha Galicia inventada cunha lingua inventada, que é a que defende o señor presidente. (Existe outra CRTVG, con profesionais cualificados e comprometidos, pero claro: están confinados).

Nas nosas aulas, quen está confinada é a lingua galega. Nomeadamente desde a implantación do RD 79/2010, que supuxo un hábil e ruin ataque nos flancos que dan prestixio no s. XXI: ciencia e enxeñería. O STEM que tanto enche bocas na Consellería. O noso alumnado leva dez anos cunha máscara que non lle permite escoitar nin ver contidos científico-técnicos en galego. Sen contidos nin referentes de I+D+I en galego, é imposible facer país.

USO DA MÁSCARA RD 79-10



Unha lingua prohibida na Tecnoloxía, Física, Química e Matemáticas é como un Batman sen chintófanos. Queda a alma nobre, xaora... pero o inimigo é superior. Nesas condicións, só hai salvación se sae ó rescate unha auténtica Liga da Xustiza. E, madialeva, nas aulas galegas existe: proxectos de ciencia, enxeñería e audiovisual como MClon, Código Octopus, Matemáticas na Rúa, NOSA, O son das ideas, Escornabot, Olloboi, Xeoclip...

O señor presidente (el non xoga en equipo) está polo labor de engaiolarnos co espellismo do pluripailanismo. Por agora vai ganando, pero como en toda boa historia de heroes e heroínas, debe haber punto de xiro: arrimemos máis e mellores materiais en galego e convertámonos nos Vengadores que se alían coa Liga.

Se nos
canece polos
nosos actos.



A iso non hai Mal que se resista.



TI VAI FACENDO

o desgoverno da Xunta

Os continuos cambios e contradicións da Consellaría nas “instrucións” ou “orientacións” que facía públicas, como reacción en moitos casos á contestación sindical e social, foron unha evidencia desde o primeiro día. Porén, a ninguén se lle escapa que a proximidade das eleccións galegas foi o elemento fundamental para entender como o goberno galego xogou coa sociedade, tamén na educación, na toma de decisións e na súa comunicación pública. O silencio calculado, a ocultación de información ou a

decisión de se agochar tras a responsabilidade dun “mando único” ministerial tamén inzado de erros comunicativos e con mensaxes claramente contraditorias, foron unha constante que atravesou toda a crise e non só durante o confinamento senón na etapa posterior, coa incorporación parcial do alumnado ou mesmo na etapa final das probas da ABAU e do rebrote de contaxio na Mariña no mes de xullo

Se a versión final das Instrucións para a xestión dos recursos humanos durante o confinamento, con data 22 de marzo, eran unha rectificación en to-





← da regra sobre as inicialmente publicadas, deixando nas direccións a decisión da súa propia presenza nos centros educativos, non despexaba todas as dúbidas provocadas desde o inicio da pandemia. Ao tempo, a Consellaría mantiña inflexibelmente a decisión de non cubrir as baixas que se producisen, lanzando unha mensaxe moi preocupante, xa que daba a entender que o inxente traballo que estabamos a realizar desde as nosas casas, convertidas en aulas virtuais, non precisaba de ninguén que nos substituíse se enfermabamos.

Mentres, a evidencia da fenda social e económica da nosa sociedade amosaba a súa faciana, se cabe con maior clareza, coa chegada da teledocencia forzada, cunha fenda dixital que denunciámos desde o primeiro momento, recibindo numerosas informacións e demandas do profesorado pola situación na que se desenvolvía o traballo mais especialmente pola evidencia xa nas primeiras datas dunha importante desconexión, aínda que con diferenzas, en todas as etapas educativas e ámbitos xeográficos.

O DEBATE SOBRE A AVALIACIÓN

Un dos temas que máis debate social provocou tanto no comezo do confinamento, ao coincidir case coas datas da 2ª avaliación, como durante todo o final de curso, foi a avaliación do alumnado. Desde a CIG-EnsinO botamos de menos naquela altura unha coordinación real promovida pola Consellaría de Educación que evitase tensións innecesarias que tiveron relevancia nas casas do noso alumnado na si-

a Consellaría mantiña inflexibelmente a decisión de non cubrir as baixas

tuación de confinamento que se atravesaba. Tamén entendemos que se debían evitar discriminacións polas diferenzas no acceso á educación a distancia ao tempo que demandamos que se evitase a toma de decisións contraditorias nos diferentes centros.

A información e as declaracións que se facían públicas, tanto por parte do MEFP como da Consellaría, non axudaban e desde o sindicato apostamos por non deixar de lado o papel central que debe ter a avaliación continua, superando a rixidez dunhas avaliacións marcadas nun calendario que saltou polos aires coa pandemia. Malia as limitacións existentes, a CIG-EnsinO apostou por reforzar a coordinación didáctica e a toma de decisións colectiva como equipos docentes fronte a aparentes sensacións de normalidade que partían máis da inercia burocrática que da necesidade de adaptármonos á nova situación creada polo confinamento



e pola ruptura da presencialidade. Neste sentido, de novo as informacións contraditorias da Consellaría (declaracións e notas de prensa, instrucións e posteriores aclaracións) non só non axudaron senón que crearon maior confusión, tanto entre o profesorado como nas familias.

UN PROFESORADO SEN APOIOS

E UNHA CONSELLARÍA DESAPARECIDA E CONFUSA

A fenda dixital e a irrupción da teledocencia confinada tamén afectaron ao profesorado e como colectivo tivemos problemas de descoordinación entre nós e de cara ao alumnado, evidenciando eivas nun novo modelo de ensino aprendizaxe que se desvelou como totalmente inapropiado para a maioría senón para a totalidade dos niveis e etapas educativas. Cometemos erros, tivemos importantes limitacións mais poñer o foco nelas sería inxusto, aínda que as debemos ter presentes para mellorar. Era na Consellaría en quen recaía a maior responsabilidade do que estaba a acontecer, e a administración estivo desaparecida antes e durante o confinamento.

Acompañando a desidia apareceu o oportunismo descolocado da conselleira de Educación. En plena enxurrada de críticas pola ausencia de xestión e de transparencia e polas contradicións permanentes, Carme Pomar enviou ao correo profesional de todo o profesorado unha carta na que non dicía nada. Unha adaptación retranqueira que divulgamos polas rede transformou aquel "saúda" da conselleira nun lema que reflectía claramente o recado da máxima responsábel educativa: "TI VAI FACENDO". Esa misiva tivo posteriormente un novo capítulo da parálise na que vivía a Xunta cunha nova entrega de instrucións dirixidas ás direccións nas que se afondaba no abandono ao profesorado, sen ningunha novidade e parapetándose novamente na acción ou inacción do goberno español.

O afán centralizador de Moncloa, acompañado do desgobierno de San Caetano mantiñan á comunidade educativa na incerteza do desenvolvemento do 3º trimestre. As reiteradas chamadas á negociación e ao debate, promovidas pola CIG-Ensino, ben desde o estrito campo sindical ou sumando voces con colectivos como as ANPAS ou o estudantado, non obtiñan resultado no búnker da Consellaría, que de ser unha metáfora recorrente para cualificar a política en materia de persoal da administración educativa galega, pasaba a ser unha definición da realidade.

A negación do autogoberno, ben pola decisión do goberno español de facerse co control absoluto da xestión da crise como dos propios desexos de Feijóo de desfacerse desa responsabilidade, unido á batalla partidista vivida durante a pandemia tiveron como reféns, no campo educativo, a miles de docentes, familias e alumnado. Cando tocou asumir decisións, cando xa Madrid non daba máis de si á hora de se esconder detrás dos resultados da Conferencia Sectorial entre o Ministerio e as CC.AA., a Consellaría apuntou de novo na mesma dirección: evadir responsabilidade; agora cara abaixo, nos centros educativos e no profesorado. "Identificar alumnado que carece de medios de conexión dixital, arbitrar medidas para facilitar o uso de distintos tipos de dispositivos, repartir 3 ordenadores en cada centro, desenvolver formación e ferramentas adecuadas para que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial, adaptar programacións, cubrir fichas persoais,..." foron varias das indicacións que se lle deron aos centros, cunha enorme sobrecarga de traballo e deixando que fosen as costas do profesorado as que soportasen ese "especial esforzo" que predicaba a Consellaría. ●

*o afán
centralizador
de Moncloa e o
desgobierno de San
Caetano mantiñan a
comunidade educativa
na incerteza*



11 de novembro de 2010 publícase a Orde que regula, con carácter experimental, a formación profesional na modalidade a distancia. Canto pode durar un experimento? Segundo a Enquisa de hábitos e prácticas culturais do Ministerio de Educación, nese mesmo ano o 26% da poboación de Galiza empregaba o ordenador pola súa profesión ou estudos; no ano 2019, o 57%. Como non apuren a recoller os datos, é posible que teñan escasa validez.

Se callar, sería interesante reflexionar sobre o que sinala a Orde, para organizar un modelo de educación a distancia no noso país.

ESTRUTURA

No artigo 11.2 establécese que a docencia se organizará en base ás titorías individuais que se realizarán preferentemente de xeito telemático e as titorías colectivas que terán carácter presencial e serán de asistencia voluntaria para o alumnado. A formación a distancia está dirixida a persoas que teñen dificultade para asistir ao centro. É necesaria a creación de espazos e recursos nos centros que permitan unha verdadeira formación a distancia. Outro debate sería se é posible ofertar calquera formación a distancia.

COMPETENCIA DO PROFESORADO

O artigo 13.2 indica, entre as funcións do profesorado, a de elaborar a programación do módulo, tendo en conta os materiais didácticos dispoñibles na plataforma de teleaprendizaxe.

Nó DECRETO 114/2010, que establece a ordenación xeral da FP, indícase que o equipo docente adaptará e xustificará as programacións ás necesidades educativas do alumnado.

É dicir, a programación debe adaptarse ás necesidades educativas do alumnado e non a materiais obsoletos elaborados hai máis dunha década en Madrid.



Arturo Iglesias

Profesor de Intervención Sociocomunitaria nun CIFP

A TELE- DOCENCIA «EXPERI- MENTAL»

que xa existía

A FP A DISTANCIA

LINGUA

No Decreto 79/2010, de plurilingüístico, indícase que cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán. Como se pode compatibilizar iso cunha plataforma de teleaprendizaxe e cuns materiais que están escritos en castelán? Como é posible que unha Inspección tan formalista e rigorosa non denuncie que, en toda unha modalidade de ensino, non se cumpre ese reparto equitativo de linguas.

MATERIAIS

O artigo 15.2 sinala que o profesorado que imparta esta modalidade deberá empregar os materiais e os soportes didácticos que a Consellería de Educación ten autorizados. Neste sentido, é necesario lembrar que no artigo 20 da Constitución recoñécese e protéxese o dereito á liberdade de cátedra, que aquí parece quedar restrinxido.

O MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

O artigo 17 regula a FCT. Cómpre reflexionar sobre se o alumnado, que realizou a súa formación nunha localidade distinta á do centro, ten agora que desprazarse para realizar as prácticas ou se debería poder facelas na súa localidade. Se a FCT debe servir para atopar un posto de traballo ou para formar ao alumnado para que poida traballar en calquera empresa ●



A irrupción da emerxencia sanitaria no mundo educativo evidenciou que a teledocencia non pode substituír á educación presencial e, precisamente, puxo en valor a importancia que ten a presencialidade fronte a alternativas que, especialmente no ensino básico, nunca poden ser espello nin propostas con vontade de permanencia.

Na CIG-Ensino, máis alá de dar resposta sindical ás primeiras medidas da administración, entendemos que precisabamos contrastar a información da que dispuxemos desde eses primeiros día e ampliala, buscando unha fotografía o máis exacta posible dos efectos dese tsunami que pechou aulas e centros e converteu salóns e cuartos das casas de alumnado e profesorado en aulas virtuais. Foi así que puxemos en marcha unha enquisa que, certamente, superou as nosas expectativas e amosou unha outra realidade: o profesorado precisaba exteriorizar os problemas que o estaban cercando; existía unha elevada desconexión educativa que precisaba superar a desconexión informativa e social sobre o día a día do noso traballo como docentes.

No inquérito constatouse a fenda dixital e social do alumnado galego e que a teledocencia, malia os esforzos docentes, non podía dar resposta á atención á diversidade e que unha amplísima maioría do profe-

a enquisa amosou que o profesorado precisaba exteriorizar os problemas que o estaban cercando

sorado compartía a idea dunha promoción de curso aberta a excepcionalidades -que debían ser observadas polo equipo docente e sen que dependese do coronavirus- e criticaba a indefinición e a falta de instrucións claras por parte da Consellaría de Educación.

Máis de 6.350 docentes participaron no inquérito deixando máis de 1.600 comentarios nos que se constataba a existencia dunha fenda dixital e social que levou a que unha ampla maioría dos participantes recoñecese dificultades para conectarse co seu alumnado. →





RETRATO DA TELEDOCENCIA FORZADA

elevada desconexión,
posta en valor da
educación presencial e
suspensa xeral á
Consellaría

← A maioría (61%) afirmou que podía comunicarse con limitacións, principalmente con orixe no alumnado (o 82% dos que tiñan limitacións) mais en menor medida tamén dos e das docentes (18%). Como era previsible existía unha maior afectación derivada de vivir no ámbito rural, xa que ao respecto do alumnado que vive en cidades e vilas medias, marcouse un diferencial de dez puntos porcentuais (45% fronte a 34 ou 35%) no motivo que explicaba a falta de comunicación co profesorado. Mais, sen dúbida, o dato máis contundente foi que no 25% das aulas do profesorado que contestou ao cuestionario a participación era inferior ao 30%. Como resumo do resto de respostas, o profesorado contestou que en máis da metade das súas aulas participaba menos da metade do alumnado, e detallou nos comentarios que ademais de “problemas de cobertura” existían outros condicionantes socio-económicos detrás desta desconexión: dificultade das familias para o manexo dos dispositivos electrónicos e das plataformas educativas, pais e/ou nais que teñen que compaxinar traballo como servizos esenciais e/ou teletraballo co coidado das crianzas e que polo tanto precisan dos medios informáticos en horario escolar ou non dispoñen de tempo para acompañalos nas actividades de ensino/aprendizaxe, situacións económicas complexas derivadas de ERTes, despedimentos, peches de negocios familiares, etc.

A DUPLA DESCONEXIÓN: O ALUMNADO CON NEAE

No caso dos nenos e nenas que teñen diversidade funcional ou que precisan dun apoio específico comprobouse como sofren con maior carga de profundidade a falta de recursos e de interacción co seu profesorado habitual e coas especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Máis de dous terzos das respostas apuntaron a unha diferenza apreciable co resto do alumnado. A metade delas (case un 35% do total das respostas) indicaron unha menor participación deste alumnado, mais destacaba unha porcentaxe case igual (31%) que apuntaba aos insuficientes recursos e materiais adaptados. Só un reducido 20% dos docentes que responderon afirmaron que a participación no ensino telemático era similar.

O profesorado achegou tamén un dato de valor respecto á atención ao alumnado con Necesidades Educativas de Apoio Específico: o 85% afirmou que non recibiu ningunha indicación específica para abordar a diversidade empregando a formación a distancia. Se unimos esta afirmación coa demanda de instrucións e apoio específico presentes noutras respostas ao inquérito é fácil chegar á conclusión de que estas serían especialmente necesarias.

PROFESORADO “ESTRESADO”

Dous terzos do profesorado que cumprimentou a enquisa afirmou que a nova situación creada coa suspensión da docencia presencial e o confinamento lle supuxo un incremento moi importante de traballo, o que é doado de concluír se partimos dos datos recabados tamén na enquisa e que reflicten a situación de partida. O 54% do persoal docente afirmou que non contaba con formación ou experiencia previa na teledocencia. Este dato foi máis elevado en primaria (70%), como é obvio pola metodoloxía de traballo co alumnado de menor idade, que en secundaria e outros niveis (45%). En concreto, e tendo en conta o sistema educativo presencial e socializador no que estamos, case a metade do persoal docente de ESO e niveis superiores





declarou que se tivo que afrontar a esta nova situación practicamente de cero, co que isto implica de esforzo e dedicación, apoiándose en compañeiros e compañeiras e recursos propios e sen apenas respaldo da administración.

SUSPENSO Á CONSELLARÍA E Á INSPECCIÓN





No que houbo practicamente unanimidade entre o profesorado participante foi na sensación de sentirse "sós, abandonados pola administración, sen directrices claras e coa responsabilidade de tomar decisións de cara ás familias e ao alumnado que lle competen á autoridade educativa", tal e como se recollía nalgúns dos comentarios feitos anonimamente. O silencio e inacción que demostrou a Consellaría na xestión da crise, que foi duramente criticado pola CIG-Ensino, tamén foron dúas das queixas máis destacadas, xunto co feito de que a información chegaba a través dos medios de comunicación ou por algunha carta baleira de contido da conselleira Carmen Pomar.

A práctica totalidade do profesorado (95%) considerou como insuficiente a actuación da administración educativa e tan só un 5% entendeuna como axeitada. O 90% reclamou a necesidade dunhas instrucións claras que permitisen afrontar o terceiro trimestre e a súa avaliación, así como o desenvolvemento deste até finais de curso.

No tempo transcorrido desde as suspensión das aulas, dous terzos do profesorado (66%) non recibiu ningún tipo de orientación sobre a adaptación das tarefas co cambio á teledocencia ou das destrezas a desenvolver co alumando. Ese terzo do persoal docente que si recibiu orientacións ou indicacións afirmou que foi sobre todo a través do resto do profesorado (52%), especialmente do propio centro (40%) e en menor medida de fóra do centro (12%). Un papel destacado xogaron neste caso as direccións, que achegaron nun 44% dos casos as orientacións sobre posibles adaptacións á teledocencia. Un papel absolutamente irrelevante é o que tería xogado neste caso a inspección educativa, xa que só representaba o 3% da información e orientación achegada. Mais se algo hai que destacar especialmente no caso da inspección é que as comunicacións non foron na inmensa maioría para asesorar ou brindar apoio senón só para funcións burocráticas e solicitude de informes.

TERCEIRO TRIMESTRE E PRÓXIMO CURSO

A consulta sobre cal debería ser a forma de proceder no terceiro trimestre foi unha das máis valiosas desta enquisa polo que supuxo á hora de darlle voz a quen coñece cal é a situación real das "aulas virtuais" galegas. En liñas xerais, houbo unanimidade á hora de establecer uns criterios de avaliación adaptados á nova situación. Un 93% dos que contestaron así o manifestaron.





← Case un 79% considerou que o mellor criterio era unha promoción de curso no que as excepcións tiña que fixalas o equipo docente, en función da evolución do seu alumnado ao longo do curso, ciclo ou etapa segundo corresponder, mais sen que a interrupción da docencia presencial puidese afectar a esa promoción. Neste caso xogou un papel fundamental a etapa educativa na que se traballa, con diferenzas moi apreciábeis entre as mestras e mestres de primaria e do resto do profesorado de secundaria e outros niveis educativos.

Na valoración das incidencias que o confinamento e a interrupción das aulas presencias fosen ter no curso 2020/21 unha inmensa maioría do profesorado (74%) consideraba que ía ser relevante.

O PERFIL DAS RESPOSTAS




O 34% das respostas foron de mestras e mestras que imparten en Infantil, Primaria e Educación Especial, o 61% de docentes de Secundaria e FP e o 5% traballaba en escolas de idiomas e outros centros de ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas de arte, etc). Por ámbitos xeográficos algo menos da metade traballaba en centros urbanos (46%), sendo case o 17% quen estaba en centros de vilas de entre 10.000 e 20.000 habitantes, o 19% en centros de vilas de medio 5.000 e 10.000 habitantes e preto do 18% no medio rural. A participación de especialistas na atención á diversidade foi preto do 7% do total, entre mestras de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e responsábeis do departamento de Orientación.


o 74% do profesorado considera que a suspensión de aulas e o confinamento terá consecuencias

O inquérito deseñouse para amosar a realidade e está ficou ao descuberto.

O inquérito non pretendeu ser un estudo estatístico irrefutábel. Para iso precisaríamos doutras ferramentas demoscópicas e ese non era nin o noso cometido nin a nosa intención. Seguramente, desde o ámbito da investigación se podería facer, unha vez pasada a crise na súa etapa máis incisiva, un outro estudo que puidese servir para retratar todas as carencias e apuntar propostas para un futuro incerto. Desde a CIG-Ensino animamos a que sexan as nosas universidades as que poidan cubrir esa necesidade. Da Consellaría pouco agardamos. Correnta e oito horas despois do impacto dos resultados da enquisa da CIG-Ensino, promoveu un cuestionario claramente influenciado polo do sindicato e desta vez dirixido en exclusiva ás direccións. Nunca máis se soubo del.

O profesorado é unha parte central e insubstituíbel no proceso educativo e a presencialidade debe ser un dique de contención contra novos proxectos e deseños de hibridación coa teledocencia cando non de total primacía desta que xa se deixin ver, como acontece coa proposta da Xunta para as universidades galegas ●






O goberno galego anuncia a declaración de emerxencia sanitaria (13M) e a suspensión das aulas (16M)

Chamada da CIG-Ensino a evitar o alarmismo e a xestionar con transparencia e rigor as actuacións nos centros educativos

Declaración de pandemia pola OMS



CIG-Ensino urxe a presentar un protocolo á vista da previsíbel declaración de pandemia

CIG-Ensino reitera a chamada á serenidade mais crítica a descoordinación e falta de interlocución coa Consellaría de Educación

A Consellaría publica unhas instrucións sen previa negociación obrigando á incorporación xeralizada do profesorado malia o peche dos centros


Use de licenzas Creative Commons	Animacións audiovisuais para o ensino	Vídeo dixital en SWL OpenShot
19 Mar 2020	19 Mar 2020	19 Mar 2020
Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.	Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.	Accede para saber máis dos obxectivos e contidos deste curso.

A Consellaría publica unhas novas instrucións, rexeitadas pola CIG, deixando nas mans das direccións a asistencia do profesorado aos centros a partir do luns 16.

CIG-Ensino presenta recurso contra a orde de permanencia dun integrante das direccións nos centros educativos ao entender que se trata de "servizos mínimos" innecesarios

O galego, confinado. Criticamos o abandono da Consellaría na posta a disposición de material educativo en galego e destacamos o material que o propio profesorado divulga

CIG-Ensino insta á Consellaría a cubrir as baixas durante o período de alarma



O goberno español declara o estado de alarma e impón o mando único

Poñemos en aberto contidos dos cursos a distancia realizados sobre as TIC para colaborar coa actividade de teleformación que afronta o profesorado galego

Novas instrucións da Consellaría, deixando nas mans das direccións ir ou non aos centros. Implica unha rectificación total das normas anteriores.

CIG
Confederación Galega do Ensino

Secretaría Nacional
galiza@cig-ensino.gal
Tel: 981576800

AO COIDADADO DA Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ASUNTO: SOLICITUDE DE ANULACIÓN DA OBRIGA DE ASISTENCIA AOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALIZIA DOS INTEGRANTES DOS EQUIPOS DIRECTIVOS.

1. O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, indica no seu artigo 9 o seguinte:

Lenda:

- Ministerio / Consellaría
- Oposicións
- Mobilizacións



12/03

13/03

13/03

Comunicado público da CIG-Ensino denunciando as medidas adoptadas unilateralmente pola Consellaría de Educación

Rolda de prensa de urxencia. CIG-Ensino cualifica de irresponsábeis e de desprezo ao profesorado as medidas tomadas pola Consellaría pola pandemia da Covid-19

CIG-Ensino convoca de urxencia aos demais sindicatos para pechase na Consellaría contra a obriga de incorporación do profesorado aos centros tras a suspensión das clases



25/03

25/03

27/03

CIG-Ensino insta á Consellaría a comunicar con urxencia a decisión que vaia tomar coa convocatoria das oposicións docentes

Nova crítica da CIG-Ensino sobre a incerteza provocada pola Consellaría coas oposicións instando a que se anuncie que non se poderán realizar

Campaña gráfica da CIG-Ensino. Escola Pechada: #FICAMOSnaCASA

CIG-Ensino esixe solución inmediata á problemática nos centros de atención a persoas con discapacidade e nos centros de menores de titularidade privada ante as graves carencias de protección sanitaria

CIG-Ensino chama a profesorado e sociedade en xeral a reflexionar sobre a avaliación do alumnado durante o confinamento

26/03

31/03

CRONOLOXÍA DA RESISTENCIA FRONTE Á XESTIÓN DA PANDEMIA



A Consellaría segue sen cubrir as baixas de profesorado e afirma que non o fará até que haxa incorporación ás aulas

CIG-Ensino, Anpas Galegas e Erguer pídenlle á Consellaría de Educación que convoque un foro de debate para analizar a situación excepcional do ensino galego ante a Covid-19

Comunicado da CIG-Ensino demandando o aprazamento das oposicións ante a ausencia de resposta firme da Consellaría

01/04

02/04

07/04

08/04

09/04

13/04

CIG-Ensino denuncia o desgobemo da Consellaría de Educación e alerta da fenda dixital e social e da falta de apoios ao profesorado

CIG-Ensino cualifica de vergoña a actuación da Consellaría sobre as oposicións e promove un escrito sindical conxunto esixindo a convocatoria da Mesa Sectorial

Comunicado da Consellaría, dirixido ás direccións e sen ningún contido, sobre as medidas a adoptar no inicio do 3º trimestre

Concentracións da CIG contra a falta de seguridade sanitaria no traballo

Videoconferencia coa conselleira de Educación. Unha reunión que chega 6 semanas tarde e non abre expectativas de cambio

CIG-Ensino demanda na Mesa Sectorial un "Protocolo de medidas sanitarias" no caso de que exista reincorporación ás aulas e resalta o papel da escola como centro educativo, non asistencial.



23/04

28/04

28/03

30/04

30/04

01/05

Instrucións da Consellaría para o desenvolvemento do terceiro trimestre

Mesa Sectorial para negociar o aprazamento das oposicións. A CIG-Ensino formula proposta de acumulación das ofertas de emprego 2020-21 previo cambio do Real Decreto en fase de negociación en Madrid

1º de Maio atípico. A CIG chamou a pendurar bandeiras e a cantar a Internacional baixo o lema "Protexamos a clase traballadora, non o capital. Por unha Galiza soberana e con futuro"





“Ti vai facendo”: denuncia da CIG-Ensino pola paralización da Consellaría e a ausencia de negociación

16/04

“Orientacións provisionais” da Consellaría para o 3º trimestre

19/04



Oposicións aprazadas: a Consellaría réndese á evidencia ao tempo que afirma que mantén a inscrición

23/04

13/04

Valoración da CIG-Ensino da Conferencia Sectorial MEFP-CC.AA: alerta da necesidade de reforzar o profesorado e o sistema educativo en xeral para afrontar os efectos do confinamento no noso alumnado

17/04

CIG-Ensino fai público o resultado dunha macroenquisa coa resposta de 6.352 docentes. Un 61% do profesorado afirma ter problemas para conectar co seu alumnado e a práctica totalidade suspende a actuación da Consellaría.

22/04

Protestas da CIG nas sete cidades para esixir ingresos e salarios dignos, protección social e seguridade nos centros de traballo

CIG-Ensino amosa a súa preocupación polas informacións do MEFP sobre o inicio do curso 2020/21 e alerta de que as medidas deben ser negociadas. Denuncia o desamparo docente ante os criterios contradictorios sobre a docencia e o desconfinamento educativo no final de curso.



A Consellaría de Educación fai públicas unhas “recomendacións sanitarias” para os centros educativos sen negociar cos sindicatos

CIG-Ensino denuncia á Consellaría na Inspección de Traballo polo incumprimento da Lei de PRL na reapertura dos centros educativos

Videoconferencia coa conselleira: CIG-Ensino non ve factíbel a volta ás aulas este curso e insta a traballar na adaptación e necesidades que se prevén de cara ao próximo ano

07/05

08/05

11/05

05/05

07/05

10/05

13/05

CIG-Ensino esixe que a Xunta presione ao MEFP para que se poidan acumular as prazas das oposicións docentes de 2020 e 2021

CIG-Ensino oponse á reincorporación de profesorado e alumnado ás aulas este curso se non é con “claras garantías sanitarias”

A Consellaría ordena a reincorporación de persoal aos centros para xestionar a admisión e a matrícula para o curso 20/21 e prepararlos para a reapertura





Comunicado da Consellaría indicando que a incorporación se limitará aos segundos cursos de Bacharelato e ciclos de FP

CIG-Ensino, integrante de QUEREMOS GALEGO, apoia a defensa do galego desde xanelas e varandas

CIG-Ensino defende activar a participación de claustros e consellos escolares na prórroga das direccións para o curso 2020/21

15/05

15/05

17/05

18/05

18/05

19/05

CIG-Ensino anuncia que recorrerá xudicialmente calquera decisión que non sexa negociada nin garanta a saúde do persoal dos centros e alumnado

CIG-Ensino alerta sobre os riscos e eivas na teledocencia: cesión de datos, formación en castelán, perda de recursos compartidos e desatención da Consellaría de Educación

Mesa Sectorial no Estado. Tarde, mal e arrastro. O MEFP vai remitir un informe á Consellaría sobre a posibilidade de acumular as oposicións de 2020 e 2021



Mesa Sectorial. Prórroga de direccións. Aceptadas varias das propostas da CIG-Ensino para evitar o "dedazo" das xefaturas territoriais e primar o papel dos órganos colexiados

CIG-Ensino insta á Consellaría a resolver os problemas de inscricións nas oposicións docentes polo retraso para obter a chave 365

A Consellaría reacciona ampliando as oficinas para solicitar Chave 365

CIG-Ensino pide explicacións polo anuncio da anulación da convocatoria de axudas para proxectos de fomento do uso do galego

26/05

04/06

05/06

04/06

09/06


09/06

10/06

CIG-Ensino denuncia que a Consellaría afoga o profesorado na burocracia coa elaboración de informes e modificacións de programacións

Conferencia de Presidentes Autonómicos: Feijóo, única voz que pide destinar os fondos Covid comprometidos para educación "a outros fins"

Marchas reivindicativas de delegadas e delegados da CIG por toda Galiza para reclamar unha saída laboral xusta e digna á crise sanitaria






Mesa Sectorial. Negociación do Proxecto de reinicio da actividade lectiva. CIG-Ensino defende o mantemento da teledocencia até finais de curso e avoga porque sexa o criterio docente o que determine a presencialidade do alumnado nos centros educativos.

A Xunta aproveita a pandemia da COVID-19 para intentar liquidar as universidades públicas galegas apostando por relegar a presencialidade fronte a fórmulas on line ou mixtas

Reunión do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral (CISL). A reincorporación de profesorado ás aulas significa tirar pola borda e implicaría un caos organizativo de se producir unha incorporación elevada do alumnado

Mesa Sectorial. Oposicións. CIG-Ensino responsabiliza Ministerio e Consellaría de xogar con decenas de miles de opositoras ao ensino.



“Feixóo, contigo Galiza vai á ruína”. Concentracións da CIG diante dos edificios da Xunta.

Logo da denuncia da CIG-Ensino, a Inspección de Traballo confirma que a incorporación do persoal aos centros educativos o 11 de maio non cumpriu coas obrigas legais

Comeza a reincorporación “voluntaria” ás aulas do alumnado de 2º de Bacharelato e 2º de Ciclos e do profesorado que non tiña dispensa para continuar coa teledocencia. As cifras de asistencia foron moi baixas sobre todo a medida que pasaban os días.

Conferencia Sectorial MEFP-CC.AA. CIG-Ensino amosa a súa preocupación tras as declaracións da conselleira de Educación sobre o inicio de curso escolar, indicando que non pensan reducir ratios

CIG-Ensino presenta unha proposta para a organización do novo curso con máis profesorado, menos ratios, distanciamento físico, alteración de espazos e medidas de protección e hixiene como principais eixes para garantir a presencialidade

Ante o silencio da Xunta, CIG-Ensino denuncia que se lle acabaron as escusas para non presentar e negociar un plan de reincorporación para o próximo curso

O sindicato alerta do incremento da incerteza e malestar do profesorado ao non se coñecer aínda ningunha proposta da administración nin cando pretende negociala



A Consellaría leva á Mesa un calendario escolar antes de ter presentado ningunha proposta cara o curso escolar

Os Ministerios de Educación e Sanidade fan públicas as “recomendacións” pactadas coas CC.AA. para o curso escolar 2020/21

CIG-Ensino fai público un informe no que demostra que a presenza do alumnado de 2º BAC non superou o 17% e o de FP o 5% neste final de curso

Apelamos directamente por carta á conselleira a abrir de inmediato a negociación da planificación para o vindeiro curso





CRONOLOXÍA DA RESISTENCIA

Rolda de prensa da CIG e resto de sindicatos para explicar os motivos do rexeitamento ao Protocolo e anunciar mobilizacións

Dous días despois das eleccións a Consellaría envía para o seu debate na Mesa Sectorial, con só 48 horas de antelación, un Protocolo infame para o curso 2020/21

08/07

16/07

20/07

14/07

17/07

Concentración en San Caetano.
A CIG-EnsinO recrea unha aula coas distancias de seguridade de metro e medio para lembrar á Consellaría como debe ser a planificación para o curso

A CIG-EnsinO consesúa coas outras OOSS o abandono da Mesa Sectorial despois de que a Consellaría se negara a retirar o Protocolo e comezar unha negociación con garantías

A CIG-EnsinO fai pública a súa resposta ao Protocolo da Xunta e chama a toda a comunidade educativa a mobilizarse na defensa da súa seguridade e saúde





As OOSS da Mesa Sectorial envíanlle un escrito conxunto a todos os equipos directivos animándoos a rexeitar o Protocolo e apoiándoos no caso de que decidan dimitir en bloque

A Consellaría de Educación con total prepotencia e soberbia publica o Protocolo o mesmo día en que centos de docentes clamaron en San Caetano pedindo a súa retirada

Máis dun milleiro de docentes secundan outra protesta contra o plano para o curso 20/21. Unha cadea humana arredor de San Caetano "confinou" o Protocolo dentro da Xunta.

A Consellaría anuncia como reforzo os Contratos Programa e Arco, existentes xa dende 2014, que non supoñen incremento de persoal, senón máis precariedade, contratos a media xornada e inestabilidade.

22/07

30/07

21/07

22/07

28/07

31/07



Cazolada convocada pola CIG-Ensino e o resto de sindicatos da Mesa fronte á Consellaría na que se desinfectou simbolicamente o Protocolo da Xunta para o curso 20/21

Un día antes de que o profesorado comece as súas vacacións, a Consellaría, sen contar con ninguén, saca diversas instrucións para o vindeiro curso nunha fuxida cara adiante no seu camiño de irresponsabilidade





Opulso que mantivo a Consellaría de Educación con milleiros de persoas aspirantes ás oposicións de 2020, mantendo até o tempo de desconto a convocatoria, bateu de fronte coa imposibilidade de cumprir os prazos administrativos para dar comezo ao procedemento de concurso-oposición o pasado 20 de xuño, como se prevía na convocatoria. Non foron pois cuestións sanitarias as que levaron a que o goberno do PP recuase e decidira aprazar as oposicións, como esixiu a CIG-Ensino de forma contundente desde o 8 de abril e antes desa data pedindo un posicionamento claro ao respecto da súa celebración ou aprazamento, senón directamente que a prolongación sucesiva dos estados de alarma até o día 15 de xuño acabou facendo inviábel o mantemento da convocatoria e os seus prazos de matrícula, listaxes de admisión, nomeamento de tribunais...



a Consellaría desatendeu cuestións sanitarias

Ao igual que no caso do Protocolo para o novo curso escolar, a Consellaría desatendeu totalmente cuestións sanitarias e rexeu as súas decisións por puros intereses electorais, intentando "vender" inicialmente unha Oferta de Emprego Público de máis de 3.000 prazas, cando 1.300 corresponden a cátedras e outras 318 a promoción interna e, unha vez que se rendeu á evidencia e anunciou a súa suspensión, mantendo a inscrición, que quedara cancelada tras a promulgación do Estado de Alarma, coa vista posta xa na cita electoral do 12 de xullo. Para todas estas manobras contou coa complicidade dos principais medios de comunicación que lle son afíns, aos que lles filtrou primeiro un comunicado enviado ao Ministerio de Educación no que aseguraba que só manterían o procedemento selectivo de levantarse o Estado de Alarma o 11 de abril e tan só oito días despois enviaba unha carta aos sindicatos nos que volvía poñer como data límite o 26 de abril. Con estas auto emendas prolongaba a agonía do colectivo opositor, que no primeiro mes de confinamento viu alterado o seu ritmo de estudo e que no caso do persoal interino se enfrontaba á vez ao reto da teledocencia sen apoios por parte da administración.

AS PRAZAS DE 2021 EN RISCO POLA DESIDIA DE MINISTERIO E CONSELLARÍA

Pero se a estratexia do departamento de Carmen Pomar antes do aprazamento foi de desprezo absoluto cara ás persoas opositoras, ocultándose detrás das decisións do Ministerio de Sanidade e fando a súa escasa actuación á prolongación dos Estados de Alarma, non foi menos irresponsábel a actitude que mantivo despois do aprazamento. A delegación de funcións e de competencias de novo no Ministerio, neste caso no de Educación, serviu para que a Consellaría abriera unha fenda entre o colectivo de aspirantes. A decisión de reanudar o procedemento de matrícula ao remate do Estado de Alarma co argumento en clave de campaña electoral de que "así se blindaban as oposicións ante posibles recortes que puidera decretar o goberno central" quedou totalmente desmascarado na primeira Mesa Sectorial para tratar este tema cando a propia Consellaría recoñeceu, tal e como lembrara a CIG-Ensino ante o ruído mediático que coma sempre lle interesa transmitir á Xunta do PP, que o que realmente blindas as oposicións é o Decreto de aprobación da OPE durante os tres anos seguintes á súa publicación. E o seguinte choque entre ambos gobernos deixou dividido o colectivo opositor e levou a que finalmente o vindeiro ano só se celebren as oposicións coas prazas correspondentes a 2020.

Tal e como defendeu a CIG-Ensino na Mesa Sectorial, o lóxico tería sido acumular as prazas deste





←

ano coas do vindeiro nunha única convocatoria e rexéndose polo mesmo sistema selectivo. A normativa actual non o permite así porque o sistema "transitorio", aprobado en 2018 polo antigo goberno do PP no Estado, que fixaba, entre outras cuestións, o número de bólas a extraer no exame teórico e diversas ponderacións no baremo, remata coa OPE de 2020. Desde o sindicato intentamos que o Ministerio introducira cambios normativos aproveitando a modificación do RD 276/2007 que está nestes intreos en trámite. De ampliarse un ano máis o réxime transitorio aprobado en 2018, que no seu momento non apoiamos por non abordar un cambio en profundidade do sistema de acceso á función pública docente, poderían sumarse as arredor de 1.000 prazas que a propia Consellaría prevé en xubilacións para 2021 ás deste ano, aumentando considerablemente a posibilidade de aprobar sobre todo nas especialidades maioritarias.

Pero a posibilidade desta acumulación, impensable para facer fronte ás necesidades educativas deste curso e dos próximos, esvaeceuse despois de que o MEFP descartara a modificación do RD e enviara un simple informe avalando a ampliación da OPE de 2020 como única solución. A Xunta, alegando falta de seguridade xurídica, seguiu adiante cos seus plans e abriu o prazo de inscrición o 1 de xuño deixando sen posibilidade de acceder á función pública a un colectivo considerable de persoas que este ano remataban estudos de Mestrado e Grao e, na práctica, eliminando a OPE de 2021 que como xa adiantou a Consellaría se celebrará, se non hai recortes de por medio, no ano 2022.

A FALACIA DAS PRAZAS, SEN CARETA

Cumprido o fin electoralista, a Consellaría pechou o prazo de inscricións o día 19 de xuño e o 23 publicou unha previsíbel nota de prensa co número total de persoas matriculadas, na que sen embargo se desvelaba que cando menos 116 prazas van quedar desertas porque das 318 que se ofertaban de cambio de corpo só se matricularon 202 persoas.


O perverso xogo da Consellaría con opositoras e aspirantes tiña, por último, outro capítulo na apertura de listaxes de substitucións de varias especialidades antes do 12X. Un procedemento do que non se avisaba da letra pequena: a maioría desas listas refaranse o vindeiro ano despois das oposicións e á vista do Protocolo, xa non de mínimos senón en números totalmente negativos en canto a efectivos para o vindeiro curso, poucas opcións semella que vaian ter de traballar moitas desas persoas, estafadas de novo por unha administración que demostrou que só sabe xogar coas súas expectativas laborais. ●

bóla extra:

OPOSI- CIÓNS

en campaña

a realidade impúxose á teima electoral da Consellaría





COVID-19 e educación

ALEGADO POLAS ESCOLAS UNITARIAS?



Francisco Xosé Candia Durán

Profesor de Teoría e Historia
da Educación Escolar na USC

Fuxindo dunha visión mitificada que obviase as dificultades que aínda hoxe padecen as escolas unitarias galegas, o certo é que se á fronte destes centros se sitúa unha titora (ou titor) comprometida profesionalmente co importante cometido que representa a educación do alumnado rural, este tipo de escolas pode potencialmente exhibir unha serie de fortalezas educativo-sociais que de cando en vez convénnos lembrar.

Ligazón diaria co medio e coñecemento experiencial dos procesos naturais; ratio baixa e polo tanto maior atención dispensada pola titora a cada un dos seus escolinos/as; áxil flexibilización didáctica ou horaria; educación lenta, con ritmos marcados pola maduración do propio alumnado; configuración de grupos discentes naturais e heteroxéneos; espazo idóneo para a aprendizaxe de valores e o desenvolvemento da autonomía, da cooperación, da axuda mutua e da responsabilidade entre o alumnado; reservorio da lingua e cultura galegas; ligazón xeralmente fluída entre a docente e a comunidade educativa; escola como comunidade de aprendizaxe interxeracional e centro de dinamización comunitaria local; contribución á fixación poboacional... e poderíamos seguir.

A pesar de todo, para unha boa parte da comunidade educativa "escola unitaria" segue sendo sinónimo dun modelo escolar desfasado, caracterizado por un exíguo número de alumnado, agrupamento cos iguais da veciñanza inmediata, unha única docente a maior parte do tempo, pouca poboación no contorno sociocultural e xeográfico de referencia, afastamento respecto da actividade dos núcleos urbanos, cun espazo de xogo excesivamente aberto e extenso onde nenas e nenos se poden perder, manchar e mancar...

Mais, que curiosos tempos estes que vivimos do coronavirus, porque todas esas limitacións que habitualmente se lles imputaba no "debe" ás escolas unitarias, convértense agora en virtudes, e mesmo son envexadas por un sector da opinión pública.

A propia ministra de Educación o pasado 10 de xuño propoñía que para un retorno seguro ás clases o vindeiro curso se configurasen, para alumnado menor de 10 anos, grupos de 15-20 membros como máximo, que non precisarían gardar a distancia de seguridade ou portar permanentemente máscara; nesa "burbulla estable" os escolares poderían moverse con tranquilidade. Recomendaba tamén Celaá habilitar todos os espazos do centro, ventilándoos frecuentemente, e priorizar o emprego de espazos ao aire libre para a realización das actividades educativas e de lecer, en lugar dos pechados.

Aínda que a ministra non se estivera referindo en concreto ás escolas unitarias, a verdade é que, como alegado na súa defensa, dificilmente se podería facer mellor ●



Quero pensar que neste tempo moita xente se deu conta de que o ensino non é chegar a unha aula e facer as actividades que nos indica un libro. O principal é crear unha interacción, unha complicidade, un vínculo co alumnado que nos permita provocar neles/as unha necesidade de querer aprender máis.

Na Educación Infantil son fundamentais as rutinas e o clima da aula. Creando uns hábitos sólidos e un ambiente propicio, as aprendizaxes van fluíndo unhas tralas outras. Iso mentres podes manter ese vínculo pero, que pasa cando non se pode?

Neste tempo que acabamos de vivir púxose de relevancia a necesidade do contacto directo, desa complicidade da que falaba.

A falla de preparación e medios axeitados en moitos casos fíxonos improvisar e ir cambiando de rumbo para adaptarnos ás respostas e necesidades das familias.

Aínda tratando de manter unhas rotinas semellantes ás da aula, o comentario xeral das familias era canto lles custaba aos pequenos e pequenas sentarse e concentrarse no traballo. Na miña opinión faltáballes a interacción cos iguais, o contexto, a resposta inmediata, en resumo a “maxia” da vida da aula.

De feito, unha videochamada para preguntarlles como estaban e manter unha conversa sobre as súas vivencias (que non os “deberes”), un conto narrado pola propia mestra, vídeos nos que o profesorado se apunta aos mesmos retos que lles propós, ou unha foto na que lles amosas que estás facendo o mesmo ca eles xa parecía trasladalos á escola.

Con isto tamén se pon en valor a necesidade dunha boa comunicación e colaboración entre a familia e a escola. Debemos procurar remar todos e todas na mesma dirección e ver que as tarefas e aprendizaxes da vida cotiá son as máis enriquecedoras e que non se queden nas catro paredes do centro, tratar de involucrar as familias neste proxecto.



Eva Alonso

Mestra de Infantil nun CEIP

ESCOLA PARA A VIDA

*o principal
é provocar
a necesidade
de querer
aprender máis*

Por que non pode un neno ou nena aprender a asociar o número 2 coa cantidade ou a discriminar o igual e o diferente emparellando calcetíns? Por que non pode aprender medidas de capacidade preparando a masa para facer pan? E a coidar dos animais ou plantas que teña cerca aprendendo o que precisan en cada momento? Soamente se pode facer a través de fichas en papel ou dixitais? E como estará máis motivado/a? Todo isto nunca vai ser unha perda de tempo porque lles vai axudar a desenvolver as súas capacidades e competencias e a aplicar as súas aprendizaxes.

Co duro confinamento que pasaron os/as cativos/as demostráronnos en moitas ocasións que son máis fortes do que pensamos, que se adaptan ás circunstancias coa súa ilusión e inocencia e que valoran moito ese contacto tan necesario, a socialización. Eles e elas buscarán a forma de reinventarse e de superar os obstáculos que a “nova normalidade” plantexa. Dito polo gran mestre F. Tonucci, soamente temos que observalos e esperar a que nos amosen novas maneiras de interactuar e de xogar ●



ES OBLIGATORIO
EL USO DE
MASCARILLA

O ABEIRO DO RECOLLIDO NO REAL DECR
MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTAD
PERMANECERÁ PECHADO
PRESENCIALMENTE ATA A FI

*a Consellaría negou
reiteradamente a cobertura
de baixas por enfermidade,
mesmo de longa duración*

Parlamento galego, comparecencia da conselleira de Educación. Pomar é preguntada e repreguntada pola nosa enquisa sobre a teledocencia e bota balóns fóra sen saber como saír ao paso. Menos de 24 horas despois repite exactamente a mesma intervención, agora nunha videoconferencia coa comunidade educativa. Punto por punto e coma por coma. Así que, máis alá de chegar tarde, esta reunión coa conselleira non serviu para nada, nin sequera para un lavado de cara da Consellaría, se esa era a intención. Na CIG-Ensino aproveitamos os cinco minutos que tivemos para deixar clara a nosa postura sobre a situación que estabamos a vivir e volver solicitar instrucións detalladas e diferenciadas por niveis educativos sobre como proceder en función da desconexión do alumnado ou a participación deste na teleformación. Mentres, a equipa da Consellaría mantiña o xogo de se esconder detrás do goberno español, cando xa era claro que as súas competencias estaban intactas.

Unha mención especial merece o trato que a Consellaría deu ao profesorado substituto. Denegou reiteradamente a cobertura de baixas por enfermidade, mesmo de longa duración, así como as xubilacións e só as cubriron se había informe favorable de inspección. As nosas reiteradas denuncias e xestións permitiron desbloquear algunhas negativas mais a posición contraria á contratación foi a pauta xeral. →

GRAZAS



DA EDUCACIÓN CONFINADA AO PECHE EN FALSO DO CURSO

← Tarde, mal e case arrastro, o 28 de abril, a Consellaría publica as instrucións para o desenvolvemento do terceiro trimestre, e volve facelo sen manter nin unha mínima interlocución coa comunidade educativa. Nestas instrucións chama a atención que critique a indefinición do Ministerio e faga exactamente o mesmo sumado á enfermiza fixación pola burocracia e os trámites en vez de centrarse en apoiar o labor docente do profesorado.

Desde a CIG-Ensino fixemos fincapé nas contradicións entre administracións, cambios de discurso, improvisación... e recordamos que moitos destes problemas se terían solucionado se se escoitase á comunidade educativa e á representación do profesorado. Para evitar máis improvisacións solicitamos xa o 30 de abril un protocolo de medidas sanitarias para reincorporación ás aulas. Entendíamos que debe ser a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, co asesoramento e as pautas de Sanidade, quen se fíxese cargo. Queríamos controlar o proceso, o que nos corresponde legalmente pola Lei de Prevención de Riscos e pola afectación que terá nas nosas condicións de traballo e porque era preciso que a Xunta comezase a traballar xa con todas as variábeis posíbeis.

Distancias, material hixiénico, normas específicas de carácter sanitario para o persoal e o alumnado. Demandamos que todo fose analizado antes da volta ás aulas. Tamén as ratios, os desdobres, mais isto non só desde un criterio sanitario senón tamén educativo, porque como xa temos dito, se non melloramos as condicións nas que impartimos docencia e atendemos o noso alumnado, fracasaremos.

*contradiccións,
cambios de discurso,
improvisación...*

A ESCOLA É UN CENTRO EDUCATIVO, NON ASISTENCIAL

As declaracións feitas polo presidente Sánchez de promover unha desescalada gradual que incluíse no mes de xuño a apertura das aulas de Infantil e outros niveis educativos para conciliar á volta ao traballo no caso de que nais e pais non puidesen atender as súas crianzas foi contestada polo sindicato. A escola non é un almacén de nenos e nenas: é un ámbito educativo.

Todo indicaba xa naquela altura que non se debería producir a incorporación e que se corría o risco de xogar con toda a comunidade educativa. Aínda así, e sen rebater as razóns sanitarias que se usaron como argumento -que despois se demostrou errado-, o que non admitimos foi o criterio de que a escola tivese que cubrir a incapacidade dun sistema de organización do traballo que dificulta ou imposibilita a conciliación laboral ou familiar. A escola non está para iso.

Como defendemos historicamente, o ensino non ten unha función asistencial nin de custodia das crianzas, polo que o labor docente debe ser educativo en todas as etapas e non está para resolver a falta de flexibilización das xornadas laborais do noso país. →



A DESESCALADA OU É CON GARANTÍAS OU NON É

O desconfinamento só debería facerse cunha planificación previa clara e con todas as garantías que permiten protexer a saúde da comunidade educativa. Se o que pretendían ambos gobernos era facer un ensaio-erro co ensino durante 15 días a finais deste curso para intentar lavarlle a cara ás empresas privadas e á ausencia de conciliación efectiva da vida familiar e laboral do sistema laboral no noso país, na CIG-Ensino opuxémonos frontalmente a esa instrumentalización do sistema educativo e da función docente en particular. Denunciamos que se estaba a vulnerar a Lei de Prevención de Riscos por non facer unha avaliación previa dos riscos biolóxicos que podían existir nos centros. Mentres permaneceron pechados ou cunha persoa de garda pode que non fora necesaria pero coa incorporación prevista de máis persoas era absolutamente impensable. Así pois, presentamos denuncia na Inspección de traballo pola vulneración da obriga de negociar as condicións de reincorporación aos postos de traballo e da necesaria avaliación de riscos laborais que incluíse o risco biolóxico á COVID 19 e



A IMPROVISACIÓN COMO MARCA

DAS DÚAS ADMINISTRACIÓNS: GALEGA E ESTATAL

O rasgo que caracterizou a xestión governamental desde o inicio do estado de alarma seguiu sendo o habitual. Carme Pomar afirmaba nunha entrevista que os maiores de 6 anos cuxos proxenitores traballasen presencialmente poderían volver tamén ás aulas este curso e ao día seguinte retractábase nun encontro con equipas directivas. A ministra de Educación anunciaba que en 20 días se reabrirán os centros para determinado alumnado nas zonas que entrasen na fase II mais o Ministerio de Sanidade aínda non sabía nese momento con que equipamento de protección individual nin con que medidas de seguridade se ía contar. Son só algúns dos exemplos nos que o ensino estivo a ser obxecto de improvisación na xestión desta crise e que levou a que o profesorado non tivera directrices nin un horizonte claro para poder planificar o remate do curso.

AFOGADAS EN BUROCRACIA

Neses intreos, a realidade era a que era, por moito que as administracións buscasen sensación de normalidade. O persoal docente estaba enleado en papeleo (ademais de modelos de adaptación de programación, informes individualizados de alumnado, informes de seguimento da teleformación, etc.) en lugar de poder centrarse na adaptación da teledocencia e no contacto co alumnado máis vulnerable. A CIG-Ensino demandou da Consellaría que enviase, directamente ou a través da Inspección, unhas instrucións claras aos centros, unificadas e sen contradicións e nas que primase a eficiencia e o criterio docente sobre a burocracia.





←

a Inspección de Traballo confirmou que a incorporación do persoal aos centros educativos o 11 de maio non cumpriu coas obrigas legais e advertiu da necesidade de xustificar as recomendacións das autoridades sanitarias e de respectar a representación legal dos e das traballadoras dos centros docentes. Por tanto, foi esta actuación de denuncia da CIG á que moveu á Consellaría a mudar a súa actuación e negociar a reincorporación do profesorado a partir do 25 de maio.


O PROTOCOLO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Tendo en conta a situación de teledocencia a finais de maio, con todas as eivas que como CIG-Ensino xa salientamos logo do informe feito a raíz da macroenquisa entre o profesorado galego, e dado o momento do curso escolar, debía primarse que alternativa da teledocencia se mantivese para todo aquel profesorado que así o solicitase.

A CIG-Ensino reiterou que o persoal que formaba parte dun grupo de risco debía ser eximido de volver aos centros. Había unha clara discordancia en dúas partes do protocolo, cando nun apartado se excluía a mulleres embarazadas e persoal maior de 60 da relación de grupos vulnerábeis e noutro apartado si aparecía. A nosa demanda foi clara e finalmente atendida: non se pode producir de oficio a incorporación de ningunha muller xestante nin de ninguén dun grupo de risco. Tampouco quen tivese a obriga de coidar en solitario das súas fillas, fillos ou maiores dependentes a cargo. Tendo en conta que estabamos na teledocencia, a opción non debía ser a baixa médica, senón manter a docencia desde as casas. No apartado do protocolo relacionado coa tramitación de solicitudes perante o servizo de prevención (SPRL), copiado directamente dun ámbito moi diferente ao educativo, dábase como única opción no caso de que o SPRL aceptase a non incorporación ao centro, a tramitación dunha baixa por IT, cando o que se debía primar, sempre que se puidese, era manter a teledocencia xa que é un sentido obrigar a coller unha baixa a quen pode e quere seguir traballando desde casa. Finalmente esa foi a medida adoptada pola Consellaría.

FINAL DE CURSO. PUNTO E SEGUIDO

O espermento da Consellaría no curso 2019/20 rematou cunha moi reducida incorporación do alumnado de segundo de bacharelato e segundos cursos dos ciclos de FP, que máis alá do primeiro día non superou o 17% en bacharelato e o 5% en FP. Mais, para desconcerto e profundo malestar do profesorado e da comunidade educativa, o capítulo máis negro aínda estaba por vir, só que houbo que agardar a que se levantase o pano o 12 de xullo: o protocolo para o inicio de curso 2020/21 ●





A Consellaría de Educación estivo completamente ausente da súa responsabilidade de planificar o actual curso escolar durante catro meses. Un tempo no que manexou silencios, escasos posicionamentos públicos e declaracións contraditorias amparándose no suposto mando único do Ministerio de Sanidade primeiro e nas recomendacións organizativas do Ministerio de Educación despois. Na CIG-Ensino advertimos de que se estaba perdendo un tempo moi necesario durante o último trimestre de curso para iniciar esa planificación tanto educativa como sanitaria e poder consensuala coa representación do profesorado e co resto da comunidade educativa en xeral. Pero sempre obtivemos a calada por resposta.

Desde o comezo desta crise sanitaria estaba claro que a Xunta non quixo tomar a iniciativa e exercer as súas competencias pero saltaron todas as alarmas de que as súas intencións poderían ir incluso máis alá cando Feijóo, nunha conferencia de presidentes autonómicos celebrada a comezos de xuño, e en solitario, pediu destinar a partida que o goberno central comprometeu para educación nos fondos Covid "a outros fins" amosando un claro desprezo polo ensino. Poucos días despois noutra conferencia sectorial, a conselleira Carmen Pomar alegaba que eses fondos eran insuficientes e que Galiza non apoiaba a fixación dunha ratio máxima de 20 estudantes por aula, como recomendaba o Ministerio, "porque suporía unha ruptura "emocional" dos grupos establecidos. Esta aparente contradición entre os dous viña a dicir o mesmo: para o goberno do PP o ensino non foi nunca unha prioridade e tampouco o ía ser durante a pandemia. Aínda hoxe, ao peche desta edición, seguimos descoñecendo a que plans ocultos quere destinar o goberno Feijóo esta partida e a canto ascende a cantidade que lle corresponde ao ensino público galego dos 1.600 millóns de euros comprometidos polo goberno do Estado. →

CARA A UN NOVO CURSO TAN DURO COMA INSEGURO

canto lle corresponde ao ensino público galego dos 1.600 millóns de euros?



non docente, do alumnado, das familias e por extensión de toda a sociedade.

Todos os informes de especialistas epidemiolóxicos coinciden en destacar que o maior risco de contaxio se dá en espazos pechados, moi concurridos e con grupos de distinta procedencia. Esa é a definición perfecta dun centro educativo, co agravante de que boa parte do alumnado non ten a madurez suficiente para manexar as medidas de protección individual nin debe ter como responsabilidade o manexo de produtos químicos para a desinfección das aulas e do material escolar, como se insinuía no Protocolo finalmente aprobado pola Consellaría.

Así pois, e seguindo as recomendacións sanitarias, cómpre garantir o máximo posíbel a distancia de seguridade nas aulas que organismos internacionais e o propio Ministerio sitúan en, cando menos, metro e medio entre as mesas, e non un metro entre as cabezas, como inventou o goberno galego para non gastar un euro máis en educación. Esta medida, a única que se amosa realmente eficaz para minimizar o risco de contaxio, require polo tanto dunha redución das ratios, dun incremento na contratación de profesorado pero tamén de persoal non docente e de limpeza, dunha alteración de espazos dentro dos centros ou mesmo da busca doutros lugares alternativos en colaboración cos Concellos que lle permitan ao alumnado manter esas distancias e non perder aulas de música, bibliotecas, ximnasios ou outros espazos clave para o seu desenvolvemento académico. Por suposto, a estas accións hai que engadirles a implementación das medidas de protección e hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias que, cando se trata de labores de limpeza e desinfección, debe realizar persoal cualificado.

ESCENARIOS CORONAVÍRICOS

No noso documento prevíanse dous escenarios. O primeiro, e desexábel, que se puidera manter no tempo o ensino presencial, e o segundo, que fora necesario un novo confinamento ou recorrer á tele docencia de forma puntual, para o que xa non caben as escusas. Esta vez a administración ten que dotar de medios técnicos e de formación con suficiente antelación ao profesorado. Durante o estado de alarma foi o colectivo docente o que unha vez máis, cunha grande dose de esforzo e dedicación, lle lavou a cara á administración diante das familias e de toda a sociedade.

En definitiva, desde o sindicato elaboramos un documento de partida para unha negociación que nunca se produciu que recollía propostas a nivel estrutural, laboral, educativo, sanitario e social para unha volta segura ás aulas.

Un dos aspectos máis importantes que incluía era a necesidade de facer un Plan de Actuación nos

A NOSA PROPOSTA: PRESENCIALIDADE + SEGURIDADE

O día 16 de xullo a Consellaría volveu sorprendenos. Ás portas do final de curso levou á Mesa Sectorial o proxecto de Orde do calendario escolar no que non se facía ningunha referencia aos seus plans para o curso 2020/21. Ante a súa inacción na CIG presentamos un documento elaborado sobre a máxima de garantir na medida do posíbel a presencialidade durante todo o curso e para todas as etapas educativas, ao poñerse de manifesto que é a única fórmula válida para garantir a calidade e a equidade do ensino para todo o alumnado, ademais da forte función socializadora e comunitaria que posúe. Iso si, esa presencialidade tiña que estar acompañada de medidas que realmente garantiran a seguridade e a saúde do profesorado, do persoal



Centros con varios eixes de actuación:

- Avaliación de centros guía: segundo a súa tipoloxía establecer a avaliación de riscos, con especial atención ao persoal vulnerábel.
- Planificación da actividade preventiva adaptada ás peculiaridades deses centros (non é o mesmo unha Escola de Idiomas que un CEIP, un conservatorio que unha unitaria...)
- Protocolo de actuación (formación e prevención do persoal, detección de traballadoras sensíbeis, criterios de actuación ante casos positivos e para a reincorporación ás aulas tras períodos de coretena...)
- Plan de continxencia en cada centro educativo.

Nada disto se fixo e seguimos sen saber se a Consellaría ten intención de cumprir a normativa de Prevención de Riscos Laborais ou mantén a súa actitude irresponsábel, que vai poñer en risco a saúde dos algo máis de 280.000 alumnos e alumnas e 30.000 docentes que conforman o ensino non universitario de Galiza, segundo datos do IGE de 2019.

O PROTOCOLO DA INFAMIA GARDADO NUN CAIXÓN

Cando o día 23 de xuño os Ministerios de Sanidade e de Educación fixeron públicas unha serie de “recomendacións en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte ao SARSCoV-2 para os centros educativos no curso 2020-2021” e na maior parte das Comunidades Autónomas ían aflorando os plans de maior ou menor reforzo docente para o

próximo curso, a Consellaría de Educación volvía quedarse atrás no seu escurantismo. Unha vez máis afloraba o tacticismo electoral por riba do respecto á comunidade educativa. O profesorado soubo ese día que non ía haber ningún anuncio nin sequera en clave propagandística antes das eleccións e a CIG-Ensino seguiu a reclamar a Mesa de Negociación para planificar a volta ás aulas en setembro de forma pública e mediante unha carta dirixida o día dous de xullo directamente á conselleira. A resposta, a de sempre. Nada. Unha conselleira que desde que tomou posesión fixo das súas xiras baleiras de contido polos centros de ensino a súa marca persoal, permanecía desde marzo agochada para que o seu xefe puidera centrar e rendibilizar toda a atención informativa nas comparecencias en prime time na televisión pública galega. Iso si, o ensino público non merecía nin unha soa mención nesas homilías televisivas.

O 12 de xullo pasou e, ademais do que pasou, abriuse a veda para que os plans do departamento de Educación deran sinais de vida. Tan só día e medio despois da noite electoral a Xunta enviaba aos sindicatos para a súa negociación na Mesa Sectorial, con 48 horas de antelación, un documento de 90 páxinas elaborado polas Consellarías de Sanidade e de Educación. Polas formas nos prazos e tempos e polo fondo (un documento infame que volvía incidir na responsabilidade de equipos directivos e profesorado na xestión dunha crise sanitaria que só lle compete á administración), a CIG-Ensino propúxolle ás demais centrais levantarse da Mesa se a





←

Xunta non aceptaba retirar o Protocolo e comezar de cero unha nova negociación. A soberbia duns altos cargos que nin sequera xustificaron por que permanecera agochado nun caixón este documento e que se negaron á súa retirada levou á convocatoria das mobilizacións do mes de xullo nas que participaron tamén as dúas confederacións de ANPA a nivel galego.

RESPOSTAS: DOCUMENTOS E MOBILIZACIÓNS

Pero ao igual que xa fixeramos cando a Consellaría non movía ficha, esta vez tamén recolleemos nun documento as numerosas achegas (iso si, cheas de indignación) que nos enviaron docentes de todas as etapas educativas para emendar o Protocolo e propoñer solucións para o vindeiro curso. Calquera destas achegas estaba máis fundamentada na realidade dos centros que calquera parágrafo do documento oficial. Pero como a Consellaría non escoita as súas traballadoras nin a súa representación sindical, volvemos facerlle o traballo e compilamos nun documento esas achegas e máis a nosa resposta á temeridade e á delegación de responsabilidades que establece o Protocolo.

O invento das “aulas burbulla” que non son reais e da distancia de seguridade dun metro entre cabezas, a negativa a reducir ratios e a contratar profesorado, xunto co aumento de tarefas de garda e custodia do alumnado, de loxística, aprovisionamento e almacén de materiais de prevención e de desinfección e de burocracia que ten que asumir o profesorado está pensado para que lle cadren as contas a Feijóo: cero gasto e cero investimento malia estarmos nun curso totalmente excepcional e que vén arrastrando as carencias do anterior. A falta de concreción nalgunhas cuestións básicas como o protocolo a seguir ante casos positivos, o abandono do alumnado con necesidades especiais e específicas de apoio, a omisión sobre os dereitos do persoal e do alumnado en situacións de risco ou para o coidado de persoas a cargo no caso de que estas teñan que estar illadas, a ausencia de regulación e de planificación da teledocencia e o perigo que corren os servizos complementarios, fundamentalmente transporte escolar, madrugadores e comedor, cuxa desaparición produciría unha fenda social importante entre o alumnado, son outros motivos que levaron a que xullo se despedira con dúas concentracións multitudinarias fronte a San Caetano, nas que primeiro se fumigou e despois se confinou simbolicamente este protocolo. Un documento que, mantendo a súa actitude desafiante e provocadora, a Consellaría publicou horas despois da primeira concentración secundada por centos de docentes. E para despedir o mes de xullo e malia que as ANPAs e os Concellos tamén amosaron a súa desconformidade con este documento, a Xunta non dubidou de novo en desoír o clamor da comunidade educativa e publicou as instrucións de principios de curso que inciden nos aspectos máis lesivos do protocolo e incrementan aínda máis a carga burocrática nos centros. Un día despois, o último do mes de xullo, publicaba a convocatoria anual do programa ARCO, dentro dun plan plurianual previsto con anterioridade e que non ten nada a ver coa pandemia. Este modelo de atención ao reforzo educativo foi contestado pola CIG-Ensino por ser un parche á necesaria ampliación dos cadros de persoal con carácter permanente, por incidir na precariedade (o persoal docente contratado para estas tarefas de apoio estará con carácter xeral a media xornada) e non ser universal para todos os centros (só atende a 221 centros de primaria e entre 161 e 322 de ESO, e dentro destes só a alumnado de determinados cursos).

Feijóo comezou a súa cuarta lexislatura como a rematou, con recortes e desprezo. Pero o profesorado galego, farto de que lle pisen a dignidade, tamén comezará o vindeiro curso como rematou este, mobilizándose e loitando. ●

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Propostas cara ó curso 2020-2021

Documento base para a negociación das condicións da docencia nos centros educativos de Galiza

cig-ensino.gal



A CIG Ensino, como parte da Confederación Intersindical Galega (CIG), durante este estraño período que nos tocou vivir non só non descansou nas mobilizacións nas redes sociais, senón que tentou manter as mobilizacións presenciais, con todas as restricións e limitacións de seguridade. Como exemplo dentro do ámbito educativo, foi a campaña #FicamosNaCasa para concienciar e lograr que todo o profesorado quedara na casa, sen ter que ir aos centros educativos, unha vez que estes estaban pechados para o alumnado, malia a intención da Consellaría.

As administracións, tanto galega como española, tentaron que a pandemia confinara tamén as loitas sociais, cousa que desde a CIG non permitimos.

Arrancamos este período de mobilizacións con protestas simbólicas nas sete cidades para esixir ingresos e salarios dignos, protección social e seguridade nos centros de traballo o 23 de abril. Fíxémolo despois de semanas de presentar propostas, reclamacións e denuncias que non foron atendidas nin polas administracións nin polas empresas. Nas protestas simbólicas, que se desenvolveron diante da Delegación do Goberno na Coruña e as Subdelegacións provinciais así como nos edificios da Xunta de Galiza de Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela, reclamamos dos gobernos español e galego medidas de protección laboral e social para a clase traballadora e esiximos que os custes da emerxencia sanitaria non recaesen, unha vez máis, sobre as maiorías sociais.

e PUR SI MOUVE!

Esas concentracións tiveron continuidade coas mobilizacións do 28 de abril, día Mundial da Seguridade e Saúde Laboral na que a CIG desenvolveu accións de protesta para esixir medidas de protección para a clase traballadora. Os lugares escollidos nesta ocasión foron as residencias de persoas maiores, representativas da falta de medidas de protección e dos riscos aos que están sometidas as traballadoras e traballadores, agravadas no actual contexto de emerxencia sanitaria. Así mesmo, a CIG tamén levou as accións ás portas dos edificios administrativos da Xunta para demandar que se obrigue as empresas a aplicar as medidas de seguridade necesarias e que se realice un control estricto do seu cumprimento. Tamén reclamamos do goberno que habilitara mecanismos para garantir o cobro inmediato das prestacións por desemprego

*a CIG non só non
descansou, senon
que mantivo as
mobilizacións
presenciais*



*primeiro de maio,
marchas de
delegadas,
recollida de sinaturas,
concentracións*

dos miles de persoas afectadas por un ERTE, de maneira que se abone o paro en canto estean confeccionadas as nóminas sen ter que agardar ao día fixado de pago.

O primeiro de maio non puido ser presencial mais foi. Desde a CIG fixemos unha campaña na que chamamos a pendurar bandeiras vermellas ou da patria nas fiestras e a cantar a Internacional ás 12:00 horas, todo baixo o lema “Protexamos a clase traballadora, non o capital. Por unha Galiza soberana e con futuro” e que este ano estará marcada pola situación de emerxencia sanitaria. Tamén no mes de maio, o 17, participamos na campaña promovida pola plataforma Queremos Galego a prol do desconfinamento do galego baixo o lema PRECISAMOS DO GALEGO: xustiza, igualdade e cohesión mediante un acto simbólico en Compostela no que se leu unha carta aberta a Ricardo Carvalho Calero e colgando das xanelas cartaces de Queremos Galego e bandeiras da patria. Todo acompañado dunha campaña nas redes sociais para visibilizar o día 17.

Xa en xuño desenvolvemos marchas de delegados e delegadas da CIG nas sete grandes cidades galegas para reclamar unha saída laboral xusta e digna á crise sanitaria. Centos de delegadas e delegados da CIG marcharon nesa mañá por diversas rúas das sete cidades para esixir políticas que permitan unha saída xusta e galega da crise sanitaria, que protexan a clase traballadora fronte ao capital e que favorezan o desenvolvemento económico e social de Galiza.

Contra o final do curso a CIG-Ensino puxo en marcha unha campaña de recollida de sinaturas esixindo a negociación das condicións laborais, educativas e sanitarias do curso 2020/2021 nos centros docentes públicos de Galiza, reclamación que tamén se fixo nunha concentración diante da Consellaría o mércores 8 de xullo na que puxemos en evidencia a necesidade de negociar un protocolo que, naquela altura, a catro días da xornada electoral, a Consellaría mantiña oculto. Tamén estendemos a convocatoria á Mariña, xa que nese momento a súa poboación estaba confinada.

Na concentración recreouse unha aula con 20 persoas mantendo a distancia de seguridade, nunha reprodución dunha aula que evidenciara o traballo que ten por facer a administración educativa ao tempo que lle reclamamos ao goberno do PP que deixara dunha vez os seus cálculos electorais e que convocara unha negociación de forma inmediata para abordar a planificación das medidas preventivas e educativas nas que se ía desenvolver o vindeiro curso que non podían pasar máis que por unha redución de ratios e o incremento de profesorado. →



← Pasadas as eleccións a Consellaría presentou o protocolo que tiña escondido, inasumíbel sequera para comezar as negociacións e negándose a retiralo e a introducir aspectos fundamentais demandados polos sindicatos. Isto forzou ás organizacións sindicais, a comezar pola CIG Ensino, a abandonar a mesa sectorial e a programar mobilizacións que comezaron cunha cazolada en San Caetano o 22 de xullo, convocada pola CIG-Ensino e demais organizacións con representación na mesa sectorial mais apoiada polas demais organizacións sindicais do ensino así como por ANPAS, alumnado e partidos políticos.

Nesa cazolada esixiuse de novo a retirada do protocolo e o comezo dunhas negociacións reais que permitan facer fronte á pandemia do coronavirus o próximo curso escolar.

Na cazolada fumigamos de forma simbólica o documento presentado pola Consellaría de Educación e puxemos de manifesto o total rexeitamento da comunidade educativa ás instrucións da administración. Os principais motivos dese rexeitamento pasaban e pasan pola ausencia de medidas efectivas que minimicen os contaxios, mantendo as avultadas ratios existentes no ensino público galego, reducindo a distancia de seguridade a un metro (fóra dos grupos estábeis que son inviábeis), sen seguir ningunha das recomendacións sanitarias de organismos como a OMS ou do que establece o Ministerio de Sanidade e negando a posibilidade de incrementar o persoal docente e non docente para facer fronte a todas as medidas organizativas, de gardas, quendas de vixilancia e limpeza que establece o protocolo.



Alertamos tamén que non se prevía ningún plan de actuación específico cando exista un caso positivo, de illamento do grupo ou centro, e que as medidas que se propoñían nese sentido eran moi laxas. Igualmente non figuraba un plan establecido para ter que recorrer á teledocencia, malia que houbo tempo de prepararse para esa eventualidade, e que esta cuestión, xunto co perigo que corren servizos complementarios como o comedor ou o transporte escolar poden redundar nas desigualdades sociais e educativas entre o alumnado.

As mobilizacións tiveron un punto e á parte coa cadea humana convocada o 28 de xullo ao redor do edificio de San Caetano, para evidenciar que o profesorado e o resto da comunidade educativa quería confinar o protocolo dentro da Consellaría, de onde nunca tivo que ter saído. A ausencia de resposta da Consellaría só podía ter unha resposta: chamar a mobilización de todo o profesorado, de todo a comunidade educativa no mes de setembro para que a "normalidade" temeraria e impropcedente que presenta o protocolo teña unha resposta contundente e non poida ser unha realidade ●



Cando marchamos o 12 de marzo dos centros ninguén albiscaba a ver o tempo novo que íamos comezar a vivir todas e todos. Levabamos varias semanas ensinando a moitas nenas e nenos como tiñan que tapar a cara co cóbado no caso de esbirrar, a lavar as mans de xeito metódico... A escola e a profesionalidade do profesorado comezaban a poñer o sentido da práctica moito antes que a Consellaría de Educación, aínda hoxe perdida nun vai e vén de instrucións contraditorias.

A maxia da diversidade envolve calquera Centro de Educación Especial, unha praxe educativa dinamizada a partir das emocións e das titorías. Como todo o mundo, as primeiras dúas semanas estivemos a velas vir, porque as instrucións non daban chegada. Non en tanto, comezamos a activar a páxina web do centro, a aula virtual e o máis fundamental o contacto directo mediante chamadas telefónicas con cada alumno/a.

A Covid-19 contribuíu á reflexión necesaria, evidente e urxente, de mudar o modelo de escola que tivemos até marzo. Ademais puxo en evidencia as diferenzas existentes no acceso ao currículo e ao sistema educativo dependendo da clase social e da procedencia e, por tanto, o carácter compensador e de equidade que o ensino debe ter sempre.

Cometemos erros no confinamento e é preciso aprender deles. Non debemos encher as redes de fichas e contidos curriculares, senón abordar a construción de aprendizaxes funcionais, desde a vida e para a vida, funcionais de verdade.

E velaí unha cuestión necesaria, importantísima na educación da diversidade en centros como no que traballo e tamén no resto de centros. É preciso desenvolver a conexión e a relación familia escola e a relación do mestre ou da mestra con cada alumna e alumno. Aí é onde situamos a cuestión transcendental desta educación no confinamento. Unha mirada, unha palabra, un intercambio de emocións e sentimentos e a praxe educativa mellora. Tamén se evidenciou a calidade do traballo do profesorado especialista que constrúe as rotinas emocionais de cada unha das persoas da aula.



Carlos
Rodríguez
Calvente

Orientador nun CEE

UN TEMPO NOVO


despois da Covid-19

Propiciar a titoría compartida entre familias e profesorado foi moi importante, pero axiña nos decatamos que había alumnado que tiñamos "perdido", non dabamos contactado con el e aquí vén a outra cuestión necesaria e obrigada, a formación e a coordinación dos equipos de traballo docentes cos servizos sociais de cada concello, buscando cumprir o fin declarado na LOE (2006), e modificado daquela maneira na LOMCE (2013), da equidade.

O profesorado en xeral, os equipos directivos, os Departamentos de Orientación, as familias, a Comunidade Educativa, foron arranxando daquela maneira, e algo de todo o anterior en maior ou menor medida foi adiante. Pero temos que esixir estar mellor preparados e preparadas en setembro, con instrucións claras por parte da administración e con investimentos en educación de verdade, non para facer propaganda, como os tres famosos portátiles repartidos nalgúns centros.

Eu quedome con cada cara que vin de calquera, alumno ou alumna, por calquera plataforma de interacción social dixital e co traballo de colaboración entre todas e todos nós. Foron tempos complicados, pero temos que mirar para adiante e mudar todo para unha Nova Escola Galega, porque despois do doce de marzo xa nada volverá ser igual ●

HUMOR GRÁFICO: ANDRADE





Punto e seguido ÁS PORTAS DO NOVO CURSO

Superada xa a metade do mes de agosto e ás portas da arrancada do curso escolar 2020/21, transcorridas tan só unhas semanas da imposición unilateral do protocolo da Consellaría de Educación, que en menos de 48 horas sacaron do caixón no que o agacharan antes das eleccións do 12 de xullo, as incertezas son máximas entre o conxunto da comunidade educativa e do profesorado galego en particular.

O certo é que todas as críticas que, con rigor e contundencia, formulamos desde o sindicato ao documento das Consellarías de Educación e Sanidade, se confirmaron como criterios que en xeral son compartidos moi maioritariamente pola sociedade. O traballo incesante do gabinete de comunicación do presidente da Xunta e da Consellaría non deu tñpado durante estas semanas, malia a cobertura partidista da RTVG e da difusión crítica de moitos medios privados, as contradicións do protocolo, a súa temeridade e a vergoña de contarmos cun goberno que antepón a doutrina do custo cero ante calquera outra cuestión.

PROPAGANDA E MEDIDAS DE BAIXA CALIDADE

A Consellaría de Educación publicou no mes de agosto unha nota no seu portal educativo no que relacionaba a posta en marcha de 144 novas aulas en centros de infantil e primaria coa resposta á COVID-19. Facíao poucos días despois de vender a publicación do contrato programa ARCO como un acto concibido para, nesa mesma liña, dotar os centros públicos de máis recursos para a atención á pandemia. Tanto unha como outra medida foron respondidas inmediatamente pola CIG-Ensino, desmontando a farsa coa que se pretendía edulcorar a ausencia de contratación de docentes para reducir ratios e mellorar as condicións nas que atendamos o noso alumnado. Os contratos programa ARCO implican

medias xornadas e unha limitada implantación nunha minoría dos centros educativos públicos do país e dentro destes só para unha parte do alumnado (4º, 5º e 6º de EP, 1º e 4º da ESO), todo dentro dun plan plurianual (2014-2020) financiado polo Ministerio de Educación e o Fondo Social Europeo. Non estamos polo tanto diante de ningún esforzo adicional, senón na mera aplicación dos fondos xa existentes. A principal novidade será que estes compañeiros e compañeiras farán o seu traballo en horario lectivo, o que aínda agrava a situación, xa que o que fai a Xunta é empregar fondos adicionais para que, só nunha parte reducida de centros, actúen como profesorado de apoio, descoidando o cometido previsto.

A ampliación das aulas de primaria é, sen dúbida, un exemplo de libro de manipulación informativa. A Consellaría, segundo información recabada pola CIG-Ensino, aumentará esas aulas única e exclusivamente para poder cumprir coa legalidade da ratio máxima de 25 alumnos e alumnas por aula en primaria, non porque estea optando por unha redución de ratios como se lle propón desde o sindicato. Mais o que vendeu a Consellaría foi que a contratación de pouco máis de dous centos de mestras e mestres era, novamente, unha decisión derivada da acción contra a COVID-19. Nada máis lonxe da realidade. O certo é que se lles debería caer a cara de vergoña pretender comparar esas cifras (aínda que estivesen realmente relacionados coa situación sanitaria) coa de outros gobernos autonómicos que falan de miles de novos docentes para poder atender a nova situación nas aulas.

A FUXIDA DE FEIJÓO: VOLVE A VERGOÑA DE PARAPETARSE DETRÁS DOS DEMAIS

O presidente galego (na Consellaría non hai ningún con criterio propio e o control de Feijóo é férreo) deu numerosas mostras en toda a crise sanitaria de como evitar en todo momento a asunción de responsabilidades. Vímolos durante o confinamento, cunha Xunta que asumiu de boa gaña o mando único e non tomou nunca a iniciativa e cunha Consellaría que prefería que fose o Ministerio que se gastase, malia saber que as competencias educativas estaban plenamente nas mans do goberno galego. Esa fuxida da responsabilidade tanto é por "riba" como por "baixo". O protocolo educativo (deixando nas mans das equipas directivas e do profesorado toda a responsabilidade) é boa mostra. Como o foi a desaparición de Feijóo da primeira liña na crise na Mariña, na que se pretendeu derivar a responsabilidade nas alcaldías, e no incremento de contaxios na área coruñesa, ante o que se chegou a recoñecer que estabamos xa nunha fase de transmisión comunitaria. →



← No ámbito educativo, o goberno galego deu mostras xa mediado o mes de agosto e á vista da evolución dos contaxios, de que podía queimarse facilmente cun protocolo fortemente contestado e que claramente é unha irresponsabilidade. De aí que primeiro o conselleiro de Sanidade (cunha conselleira de Educación desaparecida) e despois o propio Feijóo, apelásen á necesidade dun protocolo estatal. É difícil superar esa hipocrísia. Saben que teñen todas as competencias nas súas mans mais en canto cheiran o risco prefiren botar balóns fóra, agora novamente a Madrid.

O único documento que existe na actualidade de carácter estatal recomenda distancias físicas nas aulas de 1,5 metros e ratios de 15 ou 20 alumnos como máximo. Nada diso recolle o protocolo da Consellaría. Por que se fala entón dun marco estatal se o único existente non se ten en conta? Para enredar, para non aparecer como quen toma as decisións e poder culpar ou, cando menos, compartir a culpa co goberno español.

NON SERMOS CÓMPICES, UNHA RESPONSA Á ALTURA DAS CIRCUNSTANCIAS

No momento de mandar á imprenta este novo número do XE, está pendente unha reunión coas demais organizacións sindicais, mais a avaliación xa quedou trazada logo das mobilizacións de finais de

xullo. Xa daquela dixemos (e niso había unanimidade sindical) que naquelas condicións sanitarias e sen cambios no protocolo, o curso non podería comezar con normalidade e que se faría imprescindible unha resposta de mobilizacións do profesorado e do conxunto da comunidade educativa na que a folga se tornaba imprescindible. O certo é que o protocolo segue igual, a Consellaría non se moveu mais a situación sanitaria si se agravou e todo indica que aínda será peor en setembro.

De aí que a CIG-Ensino considere fundamental a unidade de todo o profesorado, comezado pola da súa representación sindical. Promoveremos concentracións, manifestacións, xornadas de folga e todas aquelas propostas que busquen frear o protocolo e obrigar a Xunta a dar marcha atrás na súa aplicación. O aumento da distancia física nas aulas, a contratación de profesorado para dar resposta a todos os desdobres, a asunción de responsabilidades por parte da Consellaría, a contratación de máis persoal non docente (limpeza, subalterno, comedor...) e a garantía dunha resposta universal e sen discriminacións no caso de termos que acudir á teledocencia parcial ou completa deben movernos e implicarnos. O profesorado non será cómplice; será responsábel co noso servizo público como docentes, coa educación presencial segura e coa nosa saúde, a do noso alumnado e por extensión a de toda a sociedade ●

CURSOS A DISTANCIA

DO 21 DE SETEMBRO AO 15 DE OUTUBRO

- ▶ Orientacións para o manexo na aula virtual Moodle.
- ▶ Os centros educativos no marco da acción educativa española no exterior.
- ▶ Identificación dixital e sedes electrónicas. CXT, CADP, comisións por conciliación e saúde: guías para a participación telemática.

DO 20 DE OUTUBRO AO 12 DE NOVEMBRO

- ▶ Aproveitamento dos modelos semipresenciais para o ensino en liña: blended learning e ferramentas tecnolóxicas.
- ▶ Deseño e elaboración dunha programación e dunha unidade didáctica para a ESO.
- ▶ A COVID-19 e a saúde laboral. Prevención de riscos no ensino.

DO 17 DE NOVEMBRO AO 11 DE DECEMBRO

- ▶ Avaliando sen saír da casa: como realizar a avaliación do alumnado dende a distancia.
- ▶ Atención á diversidade: claves para a inclusión educativa.
- ▶ Deseño e elaboración dunha programación e dunha unidade didáctica para FP.

DO 12 DE XANEIRO AO 2 DE FEBREIRO

- ▶ Uso de Youtube e o vídeo interactivo con Edpuzzle para as aulas a distancia.
- ▶ Recursos prácticos para desenvolver a acción tutorial.
- ▶ O Tratamento Integrado de Linguas desde unha perspectiva comunicativa e normalizadora.

DO 4 AO 24 DE FEBREIRO

- ▶ Uso de Podcast na aula. Metodoloxía e actividades.
- ▶ Historia de Galiza. Unha revisión necesaria.
- ▶ A lectura dramatizada como recurso didáctico.

DO 2 AO 26 DE MARZO

- ▶ Creación de vídeos. Videotutoriais.
- ▶ Diversidade afectivo-sexual nos centros educativos: coñecer para visibilizar e acompañar.
- ▶ Portugués inicial para docentes.



DO 7 AO 29 DE ABRIL

- ▶ Manexo e metodoloxía de ferramentas dixitais de textos e de audio.
- ▶ Letras Galegas 2021.
- ▶ Introducción á metodoloxía das bibliotecas viventes.

DO 4 AO 26 DE MAIO

- ▶ A música e o conto como recursos da educación emocional.
- ▶ A importancia da estimulación da creatividade no ensino: a imaxe como medio.

CURSOS PRESENCIAIS



▶ Paseos Pedagóxicos de Vigo 2020: Orixe. Panoramas e escenas da historia da Terra.	12, 16, 19, 23 e 26 de setembro	Vigo
▶ XXII Semana da Educación de Pontevedra.	Do 21 ao 25 de setembro	Pontevedra
▶ Ricardo Carvalho Calero. XXVII Xornadas de Lingua e Literatura.	24 de outubro	Compostela
▶ II Xornadas de Normalización Lingüística.	23 de xaneiro	
▶ XXIII Xornadas de Educación Infantil.	27 de febreiro	
▶ XVIII Xornadas das Mulleres.	6 de marzo	
▶ II Xornadas de Atención á Diversidade.	17 de abril	A Coruña
▶ XXIX Xornadas de Lingua e Literatura.	24 de abril	Compostela

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal e www.cig-ensino.gal, apartado de **formación**